m	VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	Saber expresar con claridade os seus sentimentos.		X	CCL
						INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.
						CSC
m		3º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	É quen de comunicarse a través da palabra.			PROCEDEMENTOS: Análise das producións
	VSC-B2.1				X	dos alumnos/as.
						CCL
						CAA
						CSIEE
						INSTRUMENTOS: Producións orais.
						PROCEDEMENTOS: Análise das producións
m	VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.4 - Expón respectuosamente os argumentos.	Saber ser respectuoso nas súas exposicións.		X	dos alumnos/as.
						CCL
						CSC
						INSTRUMENTOS: Producións orais.
b,m		3º-VSCB2.2.1 - escoita exposicións orais e	Saber ser comprensivo coas			PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as.
						CCL

	VSC-B2.2	entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.		X	X	X			
			opinións dos demais.						CSC
								INSTRUMENTOS: posta en común	
								PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	
e		3º-VSCB2.2.2 - Colabora en proxectos						alumnos/as. Observación sistemática.	CAA
	VSC-B2.2	grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	Sabe ser participativo e colaborador.	X	X	X			CSIEE
								INSTRUMENTOS: Posta en común. Lista de control/cotexo.	CSC
									CCL
								PROCEDEMENTOS: Análise das producións	
c,m,e	VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.1 - Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	É quen de comunicarse a través da palabra.		X	X		dos alumnos/as.	CCL
								INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC
c,m,e	VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.2 - Amonsa interese polos seus interlocutores.	Mostrar interese nos relatos dos demais.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL
								INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
e,m	VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.1 - Expresa abertamente as propias ideas.	Mostrarse extrovertido.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CCL
								Análise das producións dos alumnos/as.	CSC
									CSIEE
								INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	

							PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática.	
e,m	VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva.	Ser respectuoso coa linguaxe.	X	X	X		CCL
							INSTRUMENTOS: Producións orais. Escala de observación.	CSC
m		3º-VSCB2.5.1 - Relaciona, con axuda dunha					PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	CCL
	VSC-B2.5	persoa adulta, diferentes ideas e opinións	Saber constratar diferentes opinións.			X	alumnos/as.	CSC
		para atopar os seus aspectos comúns.					INSTRUMENTOS: posta en común	CAA
e,m	VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	É quen de emprega diferentes habilidades sociais nas súas relacións.		X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC
							INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	
e,m	VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	Ser participativo e colaborador nos proxectos comúns.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Intercambios orais cos alumnos/as.	CSC CSIEE
							INSTRUMENTOS: Xogos de simulación e dramáticos. posta en común	
Bloque 2: A convivencia e os valores sociais								
							PROCEDEMENTOS: Intercambios orais	

							cos	
a	VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais.	Sabe ser tolerante e respectuoso cos demais.	X	X	X	alumnos/as.	CSC
							INSTRUMENTOS: Posta en común.	
							PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos	
a	VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.2 - Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.	Sabe ser tolerante e respectuoso cos demais, recoñecendo as súas calidades.	X	X	X	alumnos/as.	CSC
							INSTRUMENTOS: Posta en común.	
Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais								
c,m	VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.	Ser participativo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC
							INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSIEE
c,m	VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.2 - Establece e mantén relacións	É quen de relacionarse dun xeito		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións	CSC

		emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	afectuoso cos demais.				dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Lista de control/cotexo.	CSIEE
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais								
b,m	<u>VSC-B3.1</u>	3º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	É quen de relacionarse dun xeito afectuoso cos demais.		X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Producións orais. Lista de control/cotexo.	CSC CSIEE
b,m	<u>VSC-B3.1</u>	3º-VSCB3.1.2 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	Saber desenvolver e resolver proxectos.		X	X X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CSC CSIEE
b,m	<u>VSC-B3.1</u>	3º-VSCB3.1.3 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	Mostrarse positivo e aberto a outras opinións.		X	X X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CSIEE
b	<u>VSC-B3.2</u>	3º-VSCB3.2.1 - Aмосa boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	Mostrarse disposto a aprender.		X	X X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSIEE CSC
b	<u>VSC-B3.2</u>	3º-VSCB3.2.2 - Practica as estratexias de axuda entre iguais	Ter estratexias para prestar a súa axuda.			X X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSIEE CSC
b	<u>VSC-B3.2</u>	3º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.	Coñecer e respectar as normas.		X	X X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CSC
b	<u>VSC-B3.2</u>	3º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de	Ter actitude positiva.			X X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.	CSC CSIEE

		interdependencia positiva.					INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CAA
a	<u>VSC-B3.3</u>	3º-VSCB3.3.1 - Participa na elaboración das normas da aula.	Mostrar interese e participar na elaboración das normas da aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Posta en común.	CSC CSIEE

a	<u>VSC-B3.3</u>	3º-VSCB3.3.2 - Respecta as normas do centro escolar.	Coñecer e cumprir as normas do Centro	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Lista de control/cotexo.	CSC	
c,m	<u>VSC-B3.4</u>	3º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo	Ser resolutivo			X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
c,m	<u>VSC-B3.4</u>	3º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	Empregar unha linguaxe positiva	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CCL CSC	
c,m	<u>VSC-B3.4</u>	3º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións e sentimentos das partes en conflito.	É quen de empatizar e analizar situacións.				X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
c,m	<u>VSC-B3.5</u>	3º-VSCB3.5.1 - Expón os dereitos básicos da infancia.	Saber algúns dos dereitos fundamentais dos nenos.	X				PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Caderno de clase.	CSC CCL
d,m	<u>VSC-B3.6</u>	3º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Respectar o dereito de igualdade entre homes e mulleres.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese.	CSC CSIEE CSC CSIEE
d,m	<u>VSC-B3.6</u>	3º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Manter unha actitude aberta ante calquera actividade, sen diferenciar por sexos.	X	X	X		PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE CSC
									CSIEE
n	<u>VSC-B3.7</u>	3º-VSCB3.7.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Transmitir o respecto polas normas de educación viaria.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais.	CSC CSIEE
n	<u>VSC-B3.7</u>	3º-VSCB3.7.2 - Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	Saber analizar e expoñer as razón dos accidentes de tráfico.				X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións	CSC CCL

						orais.		
n	<u>VSC-B3.7</u>	3º-VSCB3.7.3 - Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	Saber expoñer as consecuencias dos accidentes de tráfico.			X	PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Investigacións. Producións orais.	CSC CCL CMCT CD

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.

A programación ofrece tamén orientacións sobre como adaptar o currículo, de maneira que se adapte ao novo escenario e recolla as consecuencias que puideron derivarse da situación de confinamento, incluíndo a dimensión emocional, a competencia dixital ou as medidas de seguridade e hixiene.

Con todo, as programacións didácticas establecerán as medidas metodolóxicas e organizativas, sempre dende o principio de inclusión, que favorezan o

desenvolvemento do alumnado. Con carácter xeral, teranse en conta os seguintes principios metodolóxicas, entre outros:

- O prantexamento de tarefas e actividades abertas para o desenvolvemento do pensamento eficaz, crítico e creativo. Ensinar a pensar.
- As actividades de investigación, a aprendizaxe por proxectos de traballo e as tarefas competenciais.
- O desenvolvemento interdisciplinar das programacións de distintas materias que faciliten a interrelación das aprendizaxes.
- A utilización de métodos e tarefas globalizados, como son os centros de interese, os proxectos, as tarefas competenciais ou a aprendizaxe baseada en retos.
- O uso das tecnoloxías como recurso didáctico.
- A aplicación da gamificación que favoreza a motivación e a aprendizaxe.
- A realización das actividades de aprendizaxe con relación ao entorno social e natural.
- O desenvolvemento de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.

Metodoloxía na educación presencial

Será activa e participativa, de cara a unha aprendizaxe significativa por parte de todo o alumnado. As competencias clase serán o punto de referencia continua, así como a búsqueda de autonomía, o pensamento reflexivo e crítico e o respecto ás diferenzas individuais.

Metodoloxía na educación presencial para preparase no caso de pasar a educación non presencial:

- O profesorado porá en aberto o tema a traballar e marcará as actividades a realizar das diferentes materias.
- Iniciarase ao alumnado no uso das ferramentas básicas do portátil (editor de textos, presentacións, vídeos, editor de imaxes...)
- Proporanse actividades como: traballos escritos (a man e co editor de textos), presentacións, vídeos...

- Realizaranse cuestionarios en Aula Virtual sobre os temas traballados.
- Utilizaranse actividades dixitais interactivas e de reforzo de diferentes repositorios.
- Utilizaranse vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, titoriais...)
- Realizaranse tarefas mixtas (parte na aula e parte na casa) para familiarizarse co modo de traballo no caso de pasar a unha educación non presencial.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

No caso de pasar a unha educación non presencial intentaremos que todo o alumnado estea conectado a través dun ordenador, tableta ou móbil..

- Cada mañá se porán en aberto as actividades a realizar.
- Estará aberto o foro e a mensaxería para solucionar as dúbidas.
- Unha vez que o alumnado realice a tarefa a enviará para a súa corrección.
- O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.
- Utilizarase o calendario para marcar as entregas de traballos de investigación.
- Realizaremos videoconferencias grupais ou individuais segundo as necesidades.

Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados. Pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como

individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

Comunicación co alumnado durante a actividade lectiva non presencial/ semipresencial:

- Utilizaremos o Aula virtual para comunicarnos co alumnado.
- Tamén se utilizarán os foros para solucionar dúbidas.
- Realizaremos videoconferencias.
- As tarefas realizadas, unha vez corrixidas, serán devoltas ao alumando coas anotacións pertinentes.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Crterios sobre a avaliación e cualificación

Para a obtención da nota da materia, teremos en conta a seguinte táboa, na que se reflicten as porcentaxes, dando a relación numérica de 100% coma un 10 de nota numérica.

Para as materias de L. Galega, L. Castelán, matemáticas, C. da Natureza e C. Sociais:

Procedemento	Instrumento	Porcentaxe
Observación Sistemática	Rúbricas	20 %
	Diario de Clase	10 %
Análise das producións	Investigación	10 %
Probas específicas	Proba Aberta	60 %

Para a materia de Valores:

Procedemento	Instrumento	Porcentaxe
Observación Sistemática	Rúbrica	30 %
	Diario de Clase	30 %
Análise das producións	Producións	40 %

Nota: Educación artística, relixión e Inglés está recollido nas súas programacións.

A avaliación será continua nas materias de: Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Educación Física.

En Ciencias Sociais e Ciencias Naturais. Utilizaremos a seguinte fórmula para calcular a nota da avaliación final: (1ª avaliación + 2ª avaliación x 2 + 3ª avaliación x 3)

Cálculo da nota da avaliación ordinaria.

A avaliación será continua nas materias de: Matemáticas, Lingua Galega, Lingua Castelá, Inglés e Educación Física.

En Ciencias Sociais e Ciencias Naturais. Utilizaremos a seguinte fórmula para calcular a nota da avaliación final: $(1^{\text{a}} \text{ avaliación} + 2^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 2 + 3^{\text{a}} \text{ avaliación} \times 3) / 6$

Criterios para avaliar as Competencias Clave

Cada área aporta, en distinto grao, ás competencias, polo que existe unha relación entre nota da área e a achega porcentual á competencia.

Desta relación, obviamente se establece que o cálculo da nota para cada unha das competencias sae da suma das achegas porcentuais de cada nota de área.

Criterios sobre a promoción

O alumnado promocionará sempre que acadе o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Cando un alumno ou unha alumna non promocione deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio.

Deseño avaliación inicial

Ao comezo o curso escolar, realizarase unha reunión de traspaso de información entre o/a titor/a do curso anterior e o titor/a que terá o alumnado ese curso.

Consultaranse os informes individualizados do curso anterior.

Durante as primeiras semanas do curso escolar, levaranse a cabo as probas de avaliación inicial que consistirán en probas escritas e orais. Serán a mesma para todo o alumnado do curso, independentemente do grupo ao que estean adscritos. Terán como finalidade obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias e adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitando así a progresión no seu proceso de aprendizaxe. Tamén, a través da observación sistemática, valorárase as diferentes intervencións do alumnado ante o plantexamento de diferentes preguntas de maneira oral.

Nesta avaliación inicial detectaremos as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 20/21

Para o alumnado con materias suspensas do curso anterior realizarase un Plan de Reforzo de materias Suspensas (PRS) acorde aos resultados obtidos na avaliación inicial e ao informe do titor/ra do curso pasado.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En 3º A .hai unha alumna xorda con implante cloquear.

Consideramos que é vital que a familia estea implicada para reforzar, colaborar e contribuír a favorecer o proceso de ensinanza aprendizaxe, en diversas actividades e tarefas programadas e que significarán un afianzamento por parte do alumnado dos coñecementos.

Este punto, entre outros explicárase na reunión xeral coas familias que manteremos no mes de outubro.

Medidas a tomar de forma xeral para todo o alumnado:

- Aproveitaran as situacións espontáneas para afianzar as relacións entre o alumnado.
- Combinar agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo.
- Fomentar a participación de todo o alumnado no grupo, axudando a mellorar a autoestima.
- Utilizar actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación do alumnado dentro da aula.
- Tratar de manter reunións entre o profesorado titor e o profesorado de apoio.
- Priorizar o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
- Potenciar a utilización de técnicas de traballo cooperativo, para conseguir a participación de todo o alumnado.
- Utilizar recursos variados que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.
- Detectar cales son as ideas previas do alumnado antes de iniciar unha nova unidade didáctica.

Empregaranse:

- Fichas de comprensión lectora.
- Fichas de reforzo.
- Organización do aprendido en mapas conceptuais.
- Apoio na aula e fóra dela do alumnado que o precise.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar lecturas e materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

Algunhas das estratexias que levaremos a cabo na aula serán: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, adestramento en habilidades sociais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación na resolución de conflitos, visionado e análise de vídeos seleccionados para traballar valores...

Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos como son:

a) PLAN TIC: AULA VIRTUAL :

Todas as aulas desde primeiro dispoñen dos antigos equipos Abalar (un por cada dous alumnos).

Formaremos ao alumnado no manexo dos equipos, da Aula Virtual e iniciáremos no manexo de programas de edición de texto, tratamento de imaxes.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

- Realizar as aprendizaxes na aula utilizando a Aula Virtual.
- Contribuír, de acordo coa súa idade, ao proceso de alfabetización dixital: crear presentacións, realizar traballos co procesador de texto, con imaxes, utilizar Internet para a procura de información...
- Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.
- Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.
- Realizar traballos cooperativos.
- Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

Para conseguir estes obxectivos utilizaremos:

- Os ordenadores antigos equipos Abalar
- Aula Virtual do Centro .

b) PROXECTO LINGÜÍSTICO

Os obxectivos principais do proxecto lingüístico para o fomento da lingua galega baséanse en:

- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Erradicar o emprego sexista da lingua galega e castelá en todos os ámbitos.

Participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego. Entre as actividades destacamos:

- Obras teatrais.
- Sesións de contacontos.
- Concursos literarios.
- Charlas, roteiros...

Planing de actividades *	1º trimestre	2º trimestre	3º trimestre
Magosto	x		
Samain	x	x	
O Entroido		x	
Semana da prensa		x	
Salón do Libro		x	
Día do Libro			x
Semana das Letras Galegas			x

*** Este ano as actividades realizaranse a nivel aula para evitar o contacto con outros grupos.**

c) PROXECTO LECTOR

Traballarase o proxecto que a biblioteca determine para este curso escolar.

Obxectivos

- Desenvolver estratexias de busca e selección da información.
- Coñecer as características de distintos tipos de texto e formatos.

- Empregar as TIC para obter información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Actividades a realizar:

- Lecturas recomendadas para cada unidade.
- Préstamo de libros para casa.
- Lectura colectiva de distintos tipos de texto.
- Ademais das lecturas recomendadas para cada unidade, recomendaranse outras que estean na Biblioteca do Centro.
- Todas as actividades previstas polo equipo de dinamización de la biblioteca.

O alumnado adicará todos os días unha sesión de vinte minutos a ler na aula.

Para seguir fomentando o uso da biblioteca, o alumnado de terceiro contará cunha sesión semanal na mesma para realizar actividades relacionadas coa busca, consulta e selección de información nas investigacións dos distintos proxectos de centro e de aula.

c) PLAN FOMENTO HÁBITOS VIDA SAUDABLES.

Actividade	Data
Participación en sesións prácticas de diferentes disciplinas realizadas por deportistas que as practican para animar ao alumnado a realizar estes deportes.	Todo o ano
Realización de hábitos de aseo ao rematar a sesión de Educación Física:	Todo o ano
<ul style="list-style-type: none"> • Aseo e cambio de camiseta e calcetíns. Este curso non se realizará a ducha debido á situación creada pola covid 19 	

Realización de quecementos antes da actividade física para evitar lesións. Todo o ano

Recomendacións ás familias nas reunións conxuntas de tutoría sobre hábitos de sono, hixiene, uso de crema solar, hixiene postural.

Reunións trimestrais

d) PLAN PROXECTA: ALIMÉNTATE BEN

Participaremos no apartado “Almorzos saudables, a importancia do almorzo”

Consiste na realización dunha charla formativa e motivacional, por persoal técnico da Xefatura Territorial de Sanidade que se complementa cunha parte práctica, o consumo dun almorzo saudable elaborado previamente.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Conmemoracións

Data prevista

Día Universal da Infancia.	20 de novembro
Día Internacional contra a Violencia de Xénero.	25 de novembro
Dí Día Internacional das Persoas con Discapacidade.	3 de decembro
Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.	Do 30 de novembro ao 7 de decembro
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	10 de decembro
Día Internacional da Educación	25 de xaneiro
Día Escolar da non Violencia e da Paz.	29 de xaneiro
Día Internacional da Muller.	8 de marzo
Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.	15 de marzo
Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais.	Do 8 ao 12 de marzo
Día Mundial da Saúde.	7 de abril
Semana do Libro.	Do 19 ao 23 de abril
Día Internacional contra o Acoso Escolar.	3 de maio
Día de Europa.	10 de maio

Semana das Letras Galegas de Europa
Día mundial do Medio Ambiente.

16 ao 20 de maio

)

Celebracións		Data prevista
*Faranse na aula		
Samain/Halloween		29 outubro
Magosto		Primeira semana de novembro
Nadal		21 decembro
Entroido		25 de febreiro
Letras Galegas		Semana das Letras Galegas
Festival e Festa fin de curso	(Se a situación epidemiolóxica o permite)	21 xuño

Saídas e actividades

* Sempre que a situación sanitaria o permita

	Data prevista
Saídas para observación da contorna (illa esculturas, o río Lérez...)	Todo o curso
Sesións contacontos, encontros con escritores...	Todo o ano
Saídas ao teatro A Banca/ Pazo Cultura	Todo o curso
Actividades ofertadas: Concello/Deputación/ Biblioteca pública ...	Todo o curso

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducándose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade trimestral a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

O proceso a seguir será o seguinte:

- Análise e avaliación nas reunións, unha vez ao trimestre, do profesorado de 5º de primaria.
- Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Algúns dos instrumentos que utilizaremos serán: cuestionarios, entrevistas, observación directa, análise de tarefas, etc.

EDUCACIÓN PLÁSTICA e VISUAL
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
3º Curso de Educación Primaria
CEIP Xunqueira 1. Pontevedra

CURSO 2.021 / 2.022

Índice

CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE.....	4
PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	8
METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.....	8
Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.....	9
Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.....	9
Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.....	10
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	11
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO.....	13
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	14
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	15

CONTEXTUALIZACIÓN

Respecto a esta asignatura:

Nos dous grupos de terceiro de Educación Primaria neste curso 2021 – 2022 hai un total de 30 alumnos, correspondendo:

15 alumnos en 3ºA

15 alumnos en 3ºB

Este ano os dous grupos de alumnos están mesturados respecto ao curso pasado.

O día e a sesión de Educación Plástica e visual dos dous grupos de terceiro dentro da xornada de clases é a seguinte:

3ºA os xoves despois de Música na segunda sesión.

3ºB os martes despois de Música na quinta sesión.

A lingua vehicular desta asignatura é o galego.

O espazo físico onde se desenvolverán os diferentes contidos que conforman este nivel céntrase nunha aula específica con espazo suficiente entre alumnos para a contemplación das medidas de seguridade recomendadas ou impostas desde a Consellería; ademais esta antiga aula de laboratorio está moi ben iluminada tanto con luz natural como artificial, dispón de pilas de lavado o mantemento do material; así mesmo dispón de armarios e andeis suficientes para albergar os traballos que os alumnos de diferentes niveis estean a traballar en cada sesión.

Á hora de acudir a cada sesión o profesor especialista irá a recoller aos alumnos a o seu aula e tamén, ao rematar, volverá a deixalos.

TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE

BLOQUE 1: OBSERVACIÓN PLÁSTICA

Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º, 2º e 3º	e j	B1.1. Establecemento de protocolos de actuación na observación das obras artísticas. B1.2. Valoración do coñecemento de diferentes códigos artísticos como medio de expresión de ideas.	B1.1 Describir as características dos elementos presentes no contexto e as sensacións que as obras artísticas provocan	EPB1.1.1 Establece unha orde ou pautas para seguir no procedemento de observación dos elementos do contexto, e na súa comunicación oral ou escrita.	CCL CAA	Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir Observación directa do seu xeito de traballo Observación resultado final do seu traballo. Comprobación data entrega do seu traballo.	1
				EPB1.1.2. Describe as características dos feitos artísticos e as sensacións que as obras provocan. e expresa as súas apreciacións persoais cun criterio artístico.	CCL CCEC		1
				EPB1.1.3. Identifica e coñece os termos propios da linguaxe plástica.	CCL CCEC		1
1º, 2º e 3º	e j	B1.3. Interpretación e valoración da información que proporcionan as imaxes no contexto social e comunicación das apreciacións obtidas. B1.4. Indagación sobre diferentes maneiras de representar o espazo	B1.2. Interpretar o contido das imaxes e representacións do espazo presentes no contexto, con identificación das posicións dos elementos plásticos no espazo.	EPB1.2.1. Interpreta e valora a información que ofrecen as imaxes no contexto social e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.	CCL CCEC		1
				EPB1.2.2. Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	CCEC CCL		1

Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º, 2º e 3º	Jj b	B1.5. Observación dos materiais empregados nas obras plásticas. B1.6. Exploración de calidades dos materiais (transparencia, rugosidade, lixeireza etc.) e tratamento convencional e sinxelo de texturas, formas e cores sobre diferentes soportes.	B1.3. Clasificar texturas, formas e cores atendendo a distintos criterios.	EPB1.3.1. Clasifica texturas e tonalidades de formas naturais e artificiais exploradas desde diferentes ángulos e posicións.	CCEC CCL	Normas sobre uso correcto, materiais e técnica a seguir Observación directa do seu xeito de traballo Observación resultado final do seu traballo. Comprobación data entrega do seu traballo.	1
				EPB1.3.2. Clasifica texturas, formas e cores atendendo a criterios de similitude ou diferenza.	CCEC CCL		1
				EPB1.3.3. Diferencia e reconece as diferentes texturas, liñas, formas e cores nas composicións artísticas.	CCEC CCL		1
	j a b	B1.7. Descrición de profesionais relacionados/as coas artes plásticas e visuais. B1.8. Procura de información sobre as manifestacións culturais e artísticas do contexto.	B1.4. Identificar e valorar recoñecidos/as autores/as e as súas obras máis significativas, facendo fincapé na cultura propia	EPB1.4.1. Describe varias profesións relacionadas coas artes plásticas.	CCEC CSC CCL		1
				EPB1.4.2. Procura información sobre artistas plásticos/as da cultura propia e de outras, e sobre a súa obra.	CCEC CSC CAA		1
				EPB1.4.3. Aмосa interese por coñecer formas de expresión de autores/as e a súa obra, empregando as tecnoloxías da información.	CCEC CSC CD		1
				EPB1.4.4. Relaciona artistas coas obras máis representativas.	CCEC CSC CCL		1

BLOQUE 2: EXPRESIÓN PLÁSTICA

Temporalización	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º, 2º e 3º	j b	<p>B2.1. Planificación e organización para axustar o proceso de creación individual e en grupo ás intencións previstas, seleccionando adecuadamente os materiais, os instrumentos e as técnicas.</p> <p>B2.2. Elaboración de imaxes usando técnicas e recursos diversos.</p> <p>B2.3. Construción de estruturas con volume.</p>	B2.1.Utilizar instrumentos, técnicas e materiais adecuados para alcanzar un produto artístico final.	EPB2.1.1. Utiliza cores (primarias e mesturadas) e tonalidades cunha intención estética, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA	<p>Normas sobre uso correcto materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo.</p> <p>Comprobación data entrega do seu traballo.</p>	2
				EPB2.1.2. Manexa lapis de cores, témperas, rotuladores, sombreamento, acuarelas etc.) para a composición de obras.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.3. Manexa material diverso nas producións plásticas, explorando diversas técnicas e actividades manipulativas.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.4. Practica o recorte e pega materiais de diferentes texturas	CCEC CAA		2
				EPB2.1.5. Completa figuras seguindo as liñas como guía.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.6. Combina técnicas de picado, encartado e pegado.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.7. Utiliza a cuadrícula como referencia para copiar e representar modelos, de maneira proporcionada.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.8. Usa a técnica de colaxe con limpeza e precisión, manexando diferentes técnicas.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.9. Fai composicións correctamente a partir do eixe de simetría.	CCEC CMCCT		2
				EPB2.1.10. Crea imaxes tridimensionais co recorte e o pegado.	CCEC CAA		2
				EPB2.1.11. Debuxa a figura humana, usando a cuadrícula para alcanzar as proporción adecuadas	CCEC CMCCT		2

Temporalización	Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
a j		<p>B2.4. Selección e uso responsable de materiais apropiados segundo as súas posibilidades plásticas e o fin para o que se previron.</p> <p>B2.5. Establecemento de protocolos de actuacións no proceso de creación individual e/ou colectiva</p>	B2.2. Coidar o material e os espazos e utilízalos adecuadamente	EPB2.2.1. Coida e utiliza adecuadamente os recursos de traballo	CCEC CSC	<p>Normas sobre uso correcto materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p>	2
a c		<p>B2.6. Respeto polas normas e pola repartición de tarefas establecidas no grupo.</p> <p>B2.7. Respeto polas ideas e os traballos individuais.</p>	B2.3. Respetar e valorar o traballo individual e en grupo	EPB2.3.1. Leva a cabo proxectos en grupo respectando as ideas das demais persoas e colaborando coas tarefas que lle foran encomendadas.	CSC CCEC CAA	<p>Normas sobre uso correcto materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo en grupo</p>	2
		<p>B2.8. Utilización de recursos dixitais para a elaboración de producións artísticas.</p> <p>B2.9. Compilación de imaxes para complementar textos (carteis, anuncios, esquemas etc.).</p>	B2.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as creacións propias ou colectivas.	<p>EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para documentarse sobre o seu contexto cultural e artístico.</p> <p>EPB2.4.2. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para buscar material para as súas creacións artísticas</p>	<p>CCEC CD</p> <p>CCEC CD</p>	<p>Normas sobre uso correcto materiais e técnica a seguir</p> <p>Observación directa do seu xeito de traballo</p> <p>Observación resultado final do seu traballo</p>	2

BLOQUE 1: OBSERVACIÓN PLÁSTICA 45%

BLOQUE 2: EXPRESIÓN PLÁSTICA 65%

Importante é respectar os prazos de entrega de cada traballo, prazo que os alumnos saberán dende o momento de principialo. A avaliación terá en moi en conta tanto a calidade como o tempo empregado na realización da manualidade o debuxo. A entrega fora de prazo supoñería non alcanzar os obxectivos previstos.

TEMPORALIZACIÓN: tódolos contidos serán abordados dun xeito continuo ao longo do curso, dende o comenzo ata o fin, sen fronteiras temporais, xa que na maioría deles están intimamente ligados e sería complicado separalos.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.

No presente curso 21/22 no son necesarias medidas de reforzo neste nivel

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A metodoloxía en Educación Plástica e Visual e netamente práctica: non se seguirá ningún libro de texto. Preténdese poñer en valor tanto a calidade dos traballos atendendo a su orixinalidade coma a su aspecto técnico final e tamén a saber traballar axustándose a un prazo determinado de tempo.

Os principais materiais e recursos a empregar, ademais daqueles que sexan axeitados e propicien o mellor desenvolvemento de cada contido didáctico, son os seguintes:

- Ordenador e pantalla* para visionado de exercicios, exemplos, obras de arte, artistas etc.
*(no aula de Música)
- O aula de Educación Plástica e Visual con elementos como mesas grandes, lavadoiros para material, armarios apropiados, pizarra branca así como o devandito material propio como tesoiras, papeis, cartolinas, colas e pegamentos... aportado polo centro escolar y polos alumnos.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

A comunicación establecerase a base de vídeos explicativos relacionados coas actividades e, nalgúns casos específicos, se acompañarán de textos descritivos sobre os diversos contidos ou enlaces a páxinas de información en Internet.

A comunicación co alumnado en caso da interrupción das clases presenciais se establecerá dun xeito preferente (non obrigatorio) a través dos medios dixitais proporcionados pola Consellería de Educación: Edixgal e as comunicacións das mensaxes informativos en mediante *Abalar móbil*; tamén se poderían utilizar outras canles de comunicación dixital se así se considerase en beneficio da efectividade, sinxeleza e rapidez (peso dos vídeos e/ou audios) no envío das actividades propostas. Neste sentido para publicar contidos e actividades volverían utilizar os dous blogues que viñeron funcionando desde fai xa uns dez anos e que foron elementos crave durante o último trimestre do curso 2020 / 2021; no caso de esta asignatura de Educación Plástica e Visual o blog é *Miradas da Xunqueira* accesible dende calquera buscador en Internet.

A dinámica a empregar no caso de confinamento será a de colgar os diferentes contidos e actividades propostas unha vez á semana mediante vídeos gravados propios ou utilizando outros de Internet acompañados dun texto o audio explicativo. Nas instrucións especificarase a data máxima de entrega. Normalmente será dunha semana a outra salvo nos casos de preparación de actividades instrumentais que requiran mais tempo.

O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.

Tentarase a realización de vídeoconferencias grupais a lo menos unha vez á semana aínda que o prazo podería ser excepcionalmente cada dúas semanas dependendo das necesidades concretas do contido traballado.

Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual. Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial

O *Equipo COVID* do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo *E-dixgal* á casa.

No caso de Música unha vez á semana se colgarán as actividades correspondentes para a súa realización coas debidas instrucións e data máxima de entrega.

As actividades, normalmente, irán acompañadas de vídeos explicativos, audios ou instrucións por escrito.

Unha vez cada 15 días tentarase conectar co cada grupo de alumnos para comentar dificultades atopadas nas actividades, aclarar dúbidas ou simplemente como escusa para establecer un diálogo sobre a situación excepcional que estamos a vivir.

Despois do envío das actividades por parte do alumnado se devolverá unha mensaxe coa información relevante sobre as mesmas, se foron superadas, en que deberían mellorar ou mesmo se convendría repetilas.

Co obxectivo de ordenar o uso do tempo de cada xornada, evitar posibles malentendidos e pensando sobre todo no bo funcionamento da comunicación e incluso apelando á saúde mental individual fuxindo do estrés que provoca a sensación de *permanente conexión*, as xornadas estarán encadradas dentro de un horario específico.

A atención do profesor terá un horario determinado de luns a venres no horario de mañá de 9:00 h a 14:00 h e polas tardes de 16:30h a 19:30 h quedando para a xornada do día seguinte as posibles comunicacións, envíos, correccións... **Nos fines de semana non haberá comunicación** para respectar os períodos de descanso.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos.
- Avaliación por competencias.
- Aprendizaxe cooperativa.

Crerios sobre a avaliación e cualificación

Para a obtención da nota da materia, teremos en conta a seguinte táboa, na que se reflicten as porcentaxes, dando a relación numérica de 100% coma un 10 de nota numérica.

Procedemento	Instrumento	Porcentaxe
Observación sistemática	Rúbricas	15,00%
Análise das producións	Aplicación práctica do traballo	65,00%
Prazos dos traballos	Datas na entrega	20,00%

A avaliación en Educación Plástica e Visual será continua.

Crerios para avaliar as Competencias Clave

Cada área aporta, en distinto grao, ás competencias, polo que existe unha relación entre nota da área e a achega porcentual á competencia.

Desta relación, obviamente se establece que o cálculo da nota para cada unha das competencias sae da suma das achegas porcentuais de cada nota de área.

Criterios sobre a promoción

O alumnado promocionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

Deseño avaliación inicial

Non se prevén para este área

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Salvo a alumna repetidora xorda que require unha intérprete de linguaxe de signos nos demais casos non procede ningunha atención especial nestes grupos; se houberse algún caso de nova incorporación o se xurdise dentro dos grupos de terceiro ao longo do curso procederíase a seguir as medidas seguintes

Medidas a tomar:

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións entre o alumnado.
- Combinaranse agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo.
- A participación nas actividades en grupo terá carácter obrigatorio para todo o alumnado mediante a gradación progresiva na dificultade para mellorar a autoestima nos casos que sí sexan necesarios.
- Priorizarase o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa e a expresión.
- Utilizaranse recursos variados que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.

Empregaranse:

- Apoio na aula e fóra dela do alumnado que o precise.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Neste curso 21/22, de xeito excepcional, seguirán evitándose as actividades grupais que impliquen a xuntanza de todo o alumnado do Centro escolar quedando as distintas celebracións e/ou conmemoracións a nivel do grupo/aula.

CONMEMORACIÓNS

Día Universal da Infancia 20 novembro /

Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro

Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: do 30 novembro ao 7 de decembro

Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 3 de decembro

Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro

Día da Non Violencia e da Paz. 30 de xaneiro

Día de Rosalía de Castro 24 de febreiro

Día Internacional da Muller. 8 de marzo

Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais: do 7 ao 11 de marzo

Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo

Día Mundial da Saúde: 7 de abril

Semana do Libro. entre o 18 e o 22 de abril.

Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio

Día de Europa: 9 de maio /

Semana das Letras Galegas do 16 ao 20 de maio

Día mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño

CELEBRACIÓNS

Samaín / Halloween e Magosto: outubro

Entroido: marzo

Letras Galegas Semana das Letras Galegas: maio

Festival fin de curso: xuño* (por confirmar)

Festa fin de curso xuño

As actividades no recinto escolar coma as actividades fora do colexio iranse elixindo e fixando a súa data ao longo do desenvolvemento do curso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducándose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar con periodicidade a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

Incluiranse valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Basicamente os dous instrumentos serán a observación directa e análise dos diversos tipos de tarefas.

	SI	NO	Case sempre	Poucas veces
Os alumnos utilizaron funcionalmente o material propio				
Os alumnos utilizaron correctamente os materiais propios do aula				
Mostran interese e curiosidade nas actividades que se lles formulan				
Mostran interese nas actividades que supoñen creatividade propia..				
Mostran interese por rematar nos prazos fixados				

As cuestións que poderán ser expostas en cada trimestre para observar a adecuación poderían ser as seguintes

Os obxectivos corresponden ao currículo de 3º de primaria.

Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.

Contribución da materia ás competencias básicas.

A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos.

Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia.

A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado.

Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional.

Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula.

Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase.

Os ítems para contestar ao cuestionario anterior poderían ser os seguintes:

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase con certa periodicidade, os resultados se reflectirán nas memorias. En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación que basicamente será unha reflexión escrita sobre o funcionamento ao longo do curso deste nivel, observando onde houbo problemas así como cales poderían ser as posibles melloras que fagan contribuír a unha mellora no proceso de ensinanza / aprendizaxe da asignatura.

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE MÚSICA

3º Curso de Educación Primaria

CEIP Xunqueira 1. Pontevedra

CURSO 2.021 / 2.022

Índice programación de Música 3º Educación Primaria

CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE.....	5
PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN.....	8
METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.....	9
Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.....	9
Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.....	10
Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.....	10
CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	11
DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL.....	12
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	12
CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO.....	13
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	14
INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	15

CONTEXTUALIZACIÓN

Con respecto a esta asignatura:

Nos dous grupos de terceiro de Educación Primaria neste curso 2021- 2022 hai un total de 30 alumnos, correspondendo:

15 alumnos en 3ºA

15 alumnos en 3ºB

O día e a sesión dos dous grupos de terceiro dentro da xornada de clases é a seguinte:

3ºA os xoves na primeira sesión.

3ºB os martes na cuarta sesión.

Este curso mesturáronse os grupos A e B respecto ao anterior 20-21

A lingua vehicular da asignatura de Música é o castelán.

O espazo físico onde se darán as clases desta materia será a aula de Música contemplando as medidas de seguridade respecto a as distancias a gardar dun alumno a outro, medidas á hora de estudar, practicar e interpretar danzas, frauta ou outros instrumentos dos que se dispón na aula así como outras medidas de hixiene de cadeiras ou aireación deste espazo entre cada unha das sesións en cada xornada.

Á hora de acudir a cada sesión o profesor especialista irá a recoller aos alumnos a o seu aula e tamén, ao rematar, volverá a deixalos.

TEMPORALIZACIÓN, OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, GRAO MÍNIMO PARA SUPERAR A ÁREA, COMPETENCIAS CLAVE, PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E PORCENTAXE

BLOQUE 1: ESCOITA							
Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º 2º 3º	j d o	<p>B1.1. Audición activa dunha selección de pezas instrumentais e vocais de diferentes estilos e culturas, adaptadas á idade do alumnado.</p> <p>B1.2. Asistencia a algunha representación musical.</p> <p>B1.3. Interese polo repertorio tradicional de Galicia e das zonas de procedencia dos compañeiros e das compañeiras</p> <p>B1.4. Audición de obras musicais de distintas características e procedencias.</p> <p>B1.5. Actitude atenta e silenciosa, e respecto polas normas de comportamento durante a audición de música e na asistencia a representacións.</p>	<p>B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son e coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas.</p>	<p>EMB1.1.1. Expresa as súas apreciacións persoais sobre o feito artístico musical</p>	CCL CCEC	<p>Observación directa: Seguimento da sesión.</p> <p>Probas prácticas:</p>	1
				<p>EMB1.1.2. Manifesta as sensacións, as impresións e os sentimentos que lle provoca a audición dunha peza musical</p>	CCL CCEC	<p>Interpretacións rítmicas, melódicas, danza. Escoita activa, escritura musical</p>	1
				<p>EMB1.1.3. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.</p>	CSC	<p>Probas obxectivas.</p> <p>Resolución de exercicios: auditivos, escritos, prácticos, rítmicos e danzas</p> <p>Revisión de deberes y tarefas cotiás.</p>	1
				<p>EMB1.1.4. Identifica manifestacións artísticas propias de Galicia</p>	CAA CCEC	<p>Caderno de traballo.</p>	1

Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º 2º 3º	j	B1.6. Recoñecemento de calidades dos sons:intensidade, duración, altura e timbre. B1.7. Acento e pulso B1.8. Elementos musicais. Tempo e matices:forte, piano e mezzoforte. B1.9. Identificación dos rexistros de voces graves e agudas, así coma das posibles agrupacións vocais e instrumentais (solista, dúo, trío e coro). B1.10. Compases binarios e ternarios.	B1.2. Identificar e describir as características de elementos musicais e calidades dos sons do contexto B1.3. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen.	EMB1.2.1. Describe e dá información salientable sobre elementos da linguaxe musical presentes nas manifestacións musicais e nos sons do contexto musicais e nos sons do contexto.	CCEC CMCCT	Observación directa: Seguimento da sesión. Probas prácticas: Interpretacións rítmicas, melódicas, danza. Escoita activa, escritura musical	1
				EMB1.3.1. Distingue tipos de voces e instrumentos, e agrupacións instrumentais ou vocais.	CCEC CAA	Probas obxectivas. Resolución de exercicios: auditivos, escritos, prácticos, rítmicos e danzas Revisión de deberes y tarefas cotiás.	1
				EMB1.3.2. Identifica e describe variación se contrastes de velocidade e intensidade tras a escoita de obras musicais.	CCEC CAA		
		B1.11. Recoñecemento e identificación das partes dunha peza musical. Formas musicais binarias e ternarias.	B1.4. Utilizar recursos gráficos durante a audición dunha peza musical	EMB1.4.1. Establece unha relación entre o que escoita e represéntao nun musicograma ou nunha partitura sinxela.	CCEC CAA	Caderno de traballo.	1
				EMB1.4.2. Identifica as partes dunha peza musical sinxela e presenta graficamente a súa estrutura.	CCEC CAA		1
				EMB1.4.3. Representa graficamente, con linguaxe convencional ou non, os trazos característicos da música escoitada.	CCEC CAA CCL		1

Bloque 2 INTERPRETACIÓN MUSICAL							
Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º 2º 3º	j b	B2.1. Lectura e interpretación de pezas instrumentais e cancións sinxelas de maneira colectiva, con ou sen acompañamento, con distintos tipos de grafías. B2.3. Iniciación aos instrumentos de placas Orff en acompañamentos de pezas sinxelas. B2.4. Rexistro da música creada na aula mediante gravacións para a súa escoita posterior e a súa valoración. B2.5. Dobre barra e DC. B2.6. Ditados rítmicos con grafías de negra, branca, redonda e corchea, e os seus silencios. B2.7. Ditados melódicos sinxelos.	B2.1. Interpretar un repertorio básico de cancións e pezas instrumentais, en solitario ou en grupo mediante a voz ou instrumentos, utilizando linguaxe musical.	EMB2.1.1. Utiliza de xeito correcto a linguaxe musical traballada para a interpretación de obras.	CCEC CAA	Observación directa: Seguimento da sesión.	2
				EMB2.1.2. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos	CCEC CAA CMCCT	Probas prácticas: Interpretacións rítmicas, melódicas, danza. Escoita activa, escritura musical	2
				EMB2.1.3. Interpreta pezas vocais e instrumentais sinxelas con distintos agrupamentos con e sen acompañamento	CCEC CSC	Probas obxectivas.	2
				EMB2.1.4. Toma conciencia dos erros cometidos e amosa interese por mellorar	CAA	Resolución de exercicios: auditivos, escritos, prácticos, rítmicos e danzas Revisión de deberes y tarefas cotiás. Caderno de traballo.	2
1º 2º 3º	j b	B2.8. Improvisación de esquemas rítmicos e melódicos sobre bases musicais dadas. B2.9. Creación guiada de pezas musicais sinxelas a partir de elementos dadas.	B2.2. Explorar estruturas musicais e seleccionar e combinar ideas musicais dentro de estruturas sinxelas entre varias dadas, co obxectivo de crear un produto musical propio individual ou grupal.	EMB2.2.1. Crea unha peza musical sinxela a partir da selección, a combinación e a organización dunha serie de elementos dadas previamente, coñecidos e/ou manexados.	CAA CCEC CSIEE		2
				EMB2.2.2. Amosa respecto e responsabilidade no traballo individual e colectivo.	CSC		2

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVIMIENTO E DANZA							
Temporalización	Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Procedementos de avaliación	Porcentaxe
1º 2º 3º	j d	B2.10. Recreación musical e sonorización dun texto oral ou escrito. B2.11. Sonorización de imaxes ou representacións dramáticas usando materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos.	B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diversos materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos	EMB2.3.1. Emprega instrumentos materiais e dispositivos electrónicos para crear pezas musicais sinxelas e para a sonorización de imaxes e representacións dramáticas.	CAA CD CCEC	Observación directa: Seguimento da sesión. Probas prácticas: Interpretacións rítmicas, melódicas, danza. Escoita activa, escritura musical	3
1º 2º 3º	j	B3.1. Recoñecemento do corpo como instrumento rítmico e de expresión corporal. B3.2. Creación de pequenas coreografías para obras musicais breves e de estrutura sinxela.	B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza.	EMB3.1.1. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social.	CCEC CAA	Probas obxectivas. Resolución de exercicios: auditivos, escritos, prácticos, rítmicos e danzas Revisión de deberes y tarefas cotiás. Caderno de traballo.	3
				EMB3.1.2. Inventa e reproduce pequenas coreografías que corresponden coa forma interna dunha obra musical de forma sinxela binaria, ternaria e rondó.	CCEC CAA CMCCT		3
1º 2º 3º	j d o	B3.3. Reprodución de xogos motores e secuencias de movementos fixados ou inventados, procurando unha progresiva coordinación individual e colectiva. B3.4. Iniciación á interpretación de danzas tradicionais galegas e doutras culturas.	B3.2. Interpretar un repertorio básico de danzas propias da cultura galega e doutras culturas.	EMB3.2.1. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpreta danzas.			3
				EMB3.2.2. Identifica, reproduce e goza interpretando danzas tradicionais galegas e doutras culturas			3

BLOQUE 1: ESCOITA

BLOQUE 2 INTERPRETACIÓN MUSICAL

BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA

As porcentaxes de valoración de cada un dos bloques dependerá dos contidos en cada trimestre xa que aínda que é avaliación continua e os tres bloques están presentes en todo o curso con todo, cada un deles adquire maior protagonismo nuns trimestres máis que noutros polo que non sería unha valoración exacta se de antemán tentase valorar cunha porcentaxe global en cada caso. Nas follas de cálculo elaboradas para cada trimestre queda reflectido que tipo de contido considérase mellor valorado para o cálculo da nota trimestral. Estas táboas están ao dispor dos alumnos para que poidan ter unha visión global do que se lles vai a pedir en cada ocasión e así poder valorar e medir mellor os seus esforzos.

TEMPORALIZACIÓN: Segundo o explicado no punto anterior tódolos contidos serán abordados dun xeito continuo ao longo do curso, dende o comenzo ata o fin, sen fronteiras temporais, xa que uns co outros están intimamente ligados e sería inútil separalos.

APRENDIZAXES IMPRESCINDIBLES

No nivel de terceiro dou máis importancia ao estudo e práctica da escritura musical no pentagrama de clave de Sol que é a que utilizamos en Educación Primaria. É primordial que ao terminar en xuño, a totalidade dos alumnos saiban interpretar e utilizar dun modo moi básico pero ao mesmo tempo efectivo a identificación das figuras rítmicas e a súa duración así como a identificación dentro do pentagrama. Este contido potenciado e traballado durante os dez meses fará que a partir de cuarto curso de Educación Primaria sexan capaces de integrar o estudo da frauta doce e, posteriormente, os distintos instrumentos de lámina e pequena percusión.

PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN

Hai unha alumna xorda en 3ºA que require a unha persoa tradutora a linguaxe de signos a cal estará presente en cada unha das sesións. Para esta alumna, que ademais repite, se confeccionará e se entregará en Orientación unha **adaptación curricular** para tentar conseguir uns obxectivos mínimos nesta asignatura.

METODOLOXÍA DIDÁCTICA CONSIDERANDO AS COMPETENCIAS CLAVES COMO ELEMENTO ORGANIZADOR

A metodoloxía empregada neste nivel de 3º e netamente práctica. Neste nivel toma un gran peso específico e é a peza clave para os seguintes niveis de Educación Primaria a escritura e lectura rítmica e melódica no pentagrama deixando ao lado outras grafías non convencionais empregadas maioritariamente en 1º e 2º. Esta importancia clave reflíctese na valoración do porcentaxe, así pretende ser o bloque con maior relevancia. As distintas actividades que se levarán a cabo no centro formarán parte e influirán na programación diaria contribuíndo así ao desenvolvemento das competencias clave. Os principais materiais e recursos a empregar, ademais daqueles que sexan axeitados e propicien o mellor desenvolvemento de cada unidade didáctica, son os seguintes:

Non se seguirá ningún libro de texto para afondar nas necesidades máis concretas e reais para alcanzar os obxectivos así o caderno de música (con páxinas pautadas con pentagramas, páxinas en branco para esquemas e debuxos e páxinas cuadrículadas para distintos apuntes e exercicios) será o protagonista para conter dun xeito ordenado todos os contidos neste nivel.

Outros materiais (ademais dos instrumentos musicais de pequena percusión *Orff*) utilizaranse no día a día a modo didáctico como podan ser:

- Ordenador e pantalla para visionado de exercicios rítmicos, cancións, danzas etc.
- Equipo de música.
- O propio espazo físico da aula para a realización de exercicios de movemento e danza.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial.

A comunicación establecerase a base de vídeos explicativos relacionados coas actividades e, nalgúns casos específicos, se acompañarán de textos descritivos sobre os diversos contidos ou enlaces a páxinas de información en Internet.

A comunicación co alumnado en caso da interrupción das clases presenciais se establecerá dun xeito preferente (non obrigatorio) a través dos medios dixitais proporcionados pola Consellería de Educación: Edixgal e as comunicacións das mensaxes informativos en mediante *Abalar móbil*; tamén se poderían utilizar outras canles de comunicación dixital se así se considerase en beneficio da efectividade, sinxeleza e rapidez (peso dos vídeos e/ou audios) no envío das actividades propostas. Neste sentido para publicar contidos e actividades volverían utilizar os dous blogues que viñeron funcionando desde fai xa uns dez anos e que foron elementos crave durante o último trimestre do curso 2020 / 2021; no caso de esta asignatura de Educación Plástica e Visual o blog é *Miradas da Xunqueira* accesible dende calquera buscador en Internet.

A dinámica a empregar no caso de confinamento será a de colgar os diferentes contidos e actividades propostas unha vez á semana mediante vídeos gravados propios ou utilizando outros de Internet acompañados dun texto o audio explicativo. Nas instrucións especificarase a data máxima de entrega. Normalmente será dunha semana a outra salvo nos casos de preparación de actividades instrumentais que requiran mais tempo.

O profesorado devolverá a tarefa corrixida coas anotacións que estime oportuno, ou recomendando un novo envío da tarefa.

Tentarase a realización de vídeoconferencias grupais a lo menos unha vez á semana aínda que o prazo podería ser excepcionalmente cada dúas semanas dependendo das necesidades concretas.

Metodoloxía didáctica en caso de educación semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

Metodoloxía didáctica en caso de educación non presencial

O *Equipo COVID* do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos. No caso de pasar a unha educación non presencial todo o alumnado levará o equipo *E-dixgal* á casa.

No caso de Música unha vez á semana se colgarán as actividades correspondentes para a súa realización coas debidas instrucións e data máxima de entrega.

As actividades, normalmente, irán acompañadas de vídeos explicativos, audios ou instrucións por escrito.

Unha vez cada 15 días tentarase conectar co cada grupo de alumnos para comentar dificultades atopadas nas actividades, aclarar dúbidas ou simplemente como escusa para establecer un diálogo sobre a situación excepcional que estamos a vivir.

Despois do envío das actividades por parte do alumnado se devolverá unha mensaxe coa información relevante sobre as mesmas, se foron superadas, en que deberían mellorar ou mesmo se convendría repetilas.

Co obxectivo de ordenar o uso do tempo de cada xornada, evitar posibles malentendidos e pensando sobre todo no bo funcionamento da comunicación e incluso apelando á saúde mental individual fuxindo do estrés que provoca a sensación de *permanente conexión*, as xornadas estarán encadradas dentro de un horario específico.

A atención do profesor terá un horario determinado de luns a venres no horario de mañá de 9:00 h a 14:00 h e polas tardes de 16:30h a 19:30 h quedando para a xornada do día seguinte as posibles comunicacións, envíos, correccións... **Nos fines de semana non habería comunicación** para respectar os períodos de descanso.

CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- Observación directa.
- Elemento de diagnóstico: rúbricas
- Avaliación de contidos.
- Avaliación por competencias.
- Aprendizaxe cooperativa.

Cráterios sobre a avaliación e cualificación

Cada trimestre terá en conta os diversos contidos levados a cabo mediante as actividades que os alumnos deberán realizar. Como norma xeneralizada a observación na aula contará a nota final da avaliación cun 15% da nota final mentres que os contidos levados a cabo coas actividades e probas prácticas e/ou escritas alcanza unha media do 85% da nota final. Nas táboas de datos confeccionadas a tal efecto para o seguimento do día a día pódese atopar toda a fórmula para obter a nota final de cada alumno

A avaliación en Música será continua e fará media aritmética coa asignatura de Educación Plástica e visual

CRITERIOS SOBRE A PROMOCIÓN

A nivel xeral o alumnado proporcionará sempre que acade o desenvolvemento das competencias clave e un axeitado grao de madurez. Tamén accederá ao nivel/etapa seguinte cando as aprendizaxes non alcanzadas non sexan obstáculo para seguir satisfactoriamente as novas aprendizaxes.

Se non acada as competencias claves nin o grao de madurez axeitado á súa idade permanecerá un ano máis no nivel/etapa.

A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

DESEÑO AVALIACIÓN INICIAL

Durante as primeiras semanas do curso escolar, levaranse a cabo probas de avaliación inicial que na Área de Educación Artística consistirán, principalmente **no** en probas escritas se non nunha observación directa de exercicios abordados no derradeiro trimestre do curso anterior e terán como finalidade obter información sobre o grao de desenvolvemento das competencias e adecuar as ensinanzas ao alumnado, facilitando así a progresión no seu proceso de aprendizaxe. Todo o explicado servirá para saber dende onde partimos e comenzar a poñer noutro contexto diferente aos alumnos que comezan este nivel. A través da observación sistemática, valorárase as diferentes intervencións do alumnado ante o plantexamento de diferentes exercicios prácticos auditivos, rítmicos, melódicos, de movemento, danza, e escritos.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

En principio, tomando coma referencia o curso pasado (2.019 / 2.020) non están previstas medidas especiais neste aspecto están previstas as medidas que escribo a continuación por si fora o caso:

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións entre o alumnado.
- Combinaranse agrupamentos heteroxéneos con outros de carácter homoxéneo*.
- A participación nas actividades en grupo terá carácter obrigatorio para todo o alumnado mediante a gradación progresiva na dificultade para mellorar a autoestima nos casos que si sexan necesarios.
- Utilizaremos actividades en gran grupo (cancións en grupo, instrumentacións, danzas, xogos rítmicos e de movemento) para mellorar o clima e a relación do alumnado dentro da aula.
- Priorizarase o uso de técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa e a expresión.
- Utilizaranse recursos variados (visuais, auditivos, de movemento e expresión corporal, instrumentais, teatrais...) que sexan adecuados para todo o alumnado da aula.

Empregarase apoio na aula e fóra dela do alumnado que o precise.

CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLAN NO CURSO

O tratamento transversal da educación en valores pódese resumir na etapa de primaria en dous tipos de valores:

1. Referidos a valores sociais que configuran o sistema educativo dándolle unha dimensión ética, e que todos debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade. Son importantes porque sustentan a práctica da cidadanía democrática.
2. Valores de tipo individual que hai que desenvolver nos/as alumnos/as, liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, dieta, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das TIC,...

Os elementos transversais, presentes en todas as áreas, están compostos por coñecementos, destrezas e sobre todo actitudes, polo que serán traballados a través da propia experiencia do alumnado que fan dos valores que intentamos transmitir e dos resultados e consecuencias que obteñen de dita experiencia.

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: á hora de organizar a aula, de seleccionar materiais curriculares, de planificar secuencias didácticas, de agrupar aos alumnos/as, de seleccionar estratexias que permitan a colaboración, o protagonismo do alumnado.

Desde o centro, o tratamento transversal dos valores, está integrado en diferentes plans, programas e proxectos.

Os obxectivos que se pretende que acade o alumnado son os seguintes:

Realizar as aprendizaxes na aula utilizando a Aula Virtual.

Contribuír dende o Área de Educación Artística ao proceso de alfabetización dixital: Traballar con editor de partituras, manexo de programas de son como Audacity e utilizar Internet para a procura de información...

Adquirir estratexias na busca de información co fin de obter aprendizaxes significativas.

Desenvolver o sentido crítico con respecto ás distintas informacións ás que se accede.

Realizar traballos cooperativos. Adquirir novas estratexias para expoñer os coñecementos co fin de que sexa máis motivador, tanto para o que expón como para o que recibe a información.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Neste curso 21/22, de xeito excepcional, deberase seguir evitando as actividades grupais que impliquen a xuntanza de todo o alumnado do Centro escolar quedando as distintas celebracións e/ou conmemoracións a nivel do grupo/aula.

CONMEMORACIÓNS

Día Universal da Infancia 20 novembro /

Día Internacional contra a Violencia de Xénero: 25 de novembro

Conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia: do 30 novembro ao 7 de decembro

Día Internacional das Persoas con Discapacidade: 3 de decembro

Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos: 10 de decembro

Día da Non Violencia e da Paz. 30 de xaneiro

Día de Rosalía de Castro 24 de febreiro

Día Internacional da Muller. 8 de marzo

Semana da Prensa. Nesta semana traballarase na aula con xornais: do 7 ao 11 de marzo

Día Mundial dos Dereitos do Consumidor: 15 de marzo

Día Mundial da Saúde: 7 de abril

Semana do Libro. entre o 18 e o 22 de abril.

Día Internacional contra o Acoso Escolar: 2 de maio

Día de Europa: 9 de maio /

Semana das Letras Galegas do 16 ao 20 de maio

Día mundial do Medio Ambiente: 5 de xuño

CELEBRACIÓNS

Samaín / Halloween e Magosto: outubro

Entroido: marzo

Letras Galegas Semana das Letras Galegas: maio

Festival fin de curso: xuño* (por confirmar)

Festa fin de curso xuño

As actividades no recinto escolar coma as actividades fora do colexio iranse elixindo e fixando a súa data ao longo do desenvolvemento do curso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

Realizarase unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducándose as medidas correctoras oportunas.

O obxectivo desta avaliación será a de analizar con periodicidade a adecuación da programación á realidade do curso e deseñar as modificacións pertinentes cara ao vindeiro curso.

Incluiranse valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e dificultades atopadas, así coma os aspectos que incidiron positiva ou negativamente no desenvolvemento da programación.

Basicamente os dous instrumentos serán a observación directa e análise dos diversos tipos de tarefas.

	SI	NO	Case sempre	Poucas veces
Os alumnos utilizaron funcionalmente o material propio e do aula.				
Mostran interese e curiosidade nas actividades teóricas que se lles formulan				
Mostran interese nas actividades que supoñen expresividade, movemento libre..				
Mostran interese nas actividades rítmicas propostas				
Mostran interese nas actividades de danza*				
Mostran interese nas actividades de entoación e canto				

As cuestións que poderán ser expostas en cada trimestre para observar a adecuación poderían ser as seguintes

Os obxectivos corresponden ao currículo de 6º de primaria.

Adecuación dos obxectivos ás características do alumnado.

Contribución da materia ás competencias básicas.

A selección de contidos da área está de acordo co desenvolvemento evolutivo do alumnado.

Os criterios de avaliación correspóndense cos obxectivos.

Os procedementos de avaliación utilizados adecúanse ao alumnado e á materia.

A metodoloxía utilizada na área favorece as aprendizaxes do alumnado.

Os materiais curriculares utilizados facilitan unha aprendizaxe significativa e funcional.

Utilízanse as TICs no traballo dentro da aula.

Existen mecanismos favorecedores das normas de convivencia que permitan un desenvolvemento axeitado das actividades de clase.

Os ítems para contestar ao cuestionario anterior poderían ser os seguintes:

1. Desacordo co cumprimento do criterio.
2. O criterio cúmprese parcialmente.
3. O criterio cúmprese suficientemente.
4. Estase de acordo co cumprimento do criterio.

A programación revisarase con certa periodicidade, os resultados se reflectirán nas memorias. En caso de se detectar algún cambio significativo nas mesmas, que supoña ter que facer variacións importantes, informarase deles á xefatura de estudos, para comunicalos á inspección educativa.

O procedemento usado para avaliar a adecuación da programación será a autoavaliación que basicamente será unha reflexión escrita sobre o funcionamento ao longo do curso deste nivel, observando onde houbo problemas así como cales poderían ser as posibles melloras que fagan contribuír a unha mellora no proceso de ensinanza / aprendizaxe da asignatura.

PROGRAMACIÓN

EDUCACIÓN FÍSICA

1º, 2º, 3º e 4º de Educación Primaria

CEIP

A XUNQUEIRA I

Curso 2021- 2022

Laura Lomba González

Índice

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Temporalización, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo para superar a área, competencias clave, procedementos de avaliación.	5
3. Metodoloxía didáctica.....	42
4. Avaliación: criterios, cualificacións, promoción do alumnado e aspectos de interés.	45
5. Atención á diversidade do alumnado.....	47
6. Elementos transversais e Planes e Proxectos do centro.	48
7. Actividades complementarias e extraescolares.	51
8. Avaliación do proceso e da práctica docente.	51

1. Introducción e contextualización

O **centro** ao cal vai dirixida esta programación é ao Ceip Xunqueira 1; colexio público de Educación Infantil e Primaria dependente da Xunta de Galicia, situado no campus da Xunqueira, na provincia de Pontevedra.

A programación, abarca unha proposta concreta de ensinanza-aprendizaxe concebida para levala a cabo neste presente curso en Educación Primaria.

Para a súa elaboración partimos do currículo vixente da Educación Primaria, recollido na **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa (ademáis de ter presente algúns aspectos da **Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro** de Educación, Lomloe) e no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, teremos en conta os distintos Proxectos e Plans do noso Centro educativo, para traballar xunto a eles dun modo coordinado e operativo.

Na área de **Educación Física**, neste curso **2021/2022**, traballaremos aspectos metodolóxicos, competencias clave, obxectivos didácticos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, destrezas por tarefas, educación en valores e atención á diversidade para que todo alumnado de Educación Primaria que está levando a cabo os seus estudos no CEIP Xunqueira 1, desenvolva ao máximo os seus potencias, facilitando deste xeito a consecución do seu desenvolvemento integral.

Alumnado

No referente ao alumnado, centrarémonos nos cursos de 1º A e B, 2º A e B, 3º A e B e 4º A e B:

- 1º A conta cun total de 13 nenos e nenas.
- 1º B conta cun total de 12 nenos e nenas.
- 2º A conta cun total de 16 nenos e nenas.
- 2º B conta cun total de 16 nenos e nenas.
- 3º A conta cun total de 15 nenos e nenas.
- 3º B conta cun total de 15 nenos e nenas.
- 4º A conta cun total de 21 nenos e neas.
- 4º B conta cun total de 20 nenos e nenas.

Espazos

O Ceip A Xunqueira 1 dispón de varias zonas para a práctica de actividade física e para o traballo da nosa área. Contamos con as seguintes:

- Un ximnasio espacioso, con boa luz natural, con vestiarios e con zonas de almacenaxe para diversos materiais.
- Un pavillón, que tamén dispón de vestiarios.
- Un patio exterior con zonas verdes para a práctica de actividades ao aire libre.

2.Temporalización, obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, grao mínimo para superar a área, competencias clave, procedementos de avaliación.

Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	Competencias Clave	Procedemento Avaliación
Todos trimestres	a c d k m	B1.1. Aceptación da propia realidade corporal. B1.2. Respecto das persoas que participan no xogo. B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.1. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Mostra boa disposición para solucionar conflitos.	CSC CAA CSIEE	Observación · Anecdótico Intercambios orais: · Posta en común
				EFB1.1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.	Explica as características duxogo practicado na clase.	CSIE E CAA CSC	Observación: · Anecdótico · Lista control Intercambios orais: · Posta en común
Todos trimestres	i	B1.4. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe. B1.5 Integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	B1.2. Buscar de maneira guiada información utilizando fontes de información e facendo uso das TIC.	EFB1.2.1. Utiliza de maneira guiada as novas tecnoloxías para buscar información.	Coñece o uso das novas tecnoloxías.	CD CAA	Observación Anecdótico

		<p>B1.6. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física. B1.7. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal. □ B1.8. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas nas saídas polo contorno do colexio.</p>	<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.</p>	<p>EFB1 .3.1. Participa activamente nas actividades propostas.</p>	<p>Participa nas actividades propostas na clase.</p>	<p>CSCC AA CSIEE</p>	<p>Observación Anecdótico</p>	
				<p>EFB1 .3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</p>	<p>Demostra certa autonomía nos xogos e nas actividades.</p>	<p>CSIEE CAA CCEC CSC</p>	<p>Observación Anecdótico</p>	
				<p>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>Trae os útiles de aseo e realiza a hixiene persoal.</p>	<p>CSIEE CSC CAA</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>Participa na organización e recollida dos materias da clase.</p>	<p>CSC</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.</p>	<p>Acepta o grupo que lle corresponde</p>	<p>CSC CAA</p>	<p>Observación: · Lista control</p>	

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área	Competencias Clave	Procedemento avaliación	
Todos trimestres	k m	<p>B2.1. Aceptación da propia realidade corporal. B2.2. Confianza nun mesmo, aumento da autoestima e a autonomía persoal.</p>	<p>B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>Respeto a diversidade corporal dos compañeiros e compañeiras da clase.</p>	<p>CSC CAA</p>	<p>Observación: Anecdótico</p>	

b m	B2.3. Estrutura corporal. Identificación do propio corpo e das principais partes que interveñen no movemento. B2.4. Experimentación e exploración de posturas corporais diferentes. B2.5. Vivencia da relaxación global como estado de quietude e toma de conciencia da respiración. B2.6. Experimentación de situacións simples de equilibrio estático sobre bases estables. B2.7. Percepción espazo-temporal. Orientación do corpo e nocións topolóxicas básicas (dentro/fóra, arriba/abaixo, diante/detrás, preto/lonxe...). B2.8. Recoñecemento da lateralidade e da dominancia lateral propia. B2.9. Posibilidades sensoriais (vista, oído, tacto). Experimentación, exploración e discriminación das sensacións.	B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias.	Coñece e sinala as partes do corpo.	CAA CSC	Observación: Lista control	
			EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.	Mantén o equilibrio estático en bases estables.	CAA CSC	Observación: Lista control	
			EFB2.2.3. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adapten ás características deses estímulos.	Reacciona ante diferentes tipos de estímulos (visuais, auditivos, táctiles) dando resposta motriz.	CAA CSC CSIEE	Observación: Lista control	

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	Competencias Clave	Procedemento avaliación	
Todos trimestres	b j k	B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Experimentación de diferentes formas de execución e control das habilidades motrices básicas: desprazamentos, xiros, saltos. B3.2. Desenvolvemento e control da motricidade fina e a coordinación viso motora a través do manexo de obxectos. B3.3. Resolución de problemas motores sinxelos. B3.4. Acondicionamento físico	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio	Desprázase de disintas formas variando os apoios.	CSC CCEC CAA	Rúbrica probas de capacidade motriz.	
				EFB3.1.2. Salta de distintas formas, variando os puntos de apoio e as frecuencias.	Salta de disintas formas variando os apoios.	CSC CCEE CAA	Rúbrica probas de capacidade motriz.	

Todos trimestres	a c d k m	B1.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais. B1.2. Aceptación e respecto cara ás normas, regras, estratexias e persoas que participan no xogo. Elaboración e cumprimento dun código de xogo limpo B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias da práctica da actividade física.	B1.1. Opinar tanto desde a perspectiva de participante como de espectador ou espectadora, ante as posibles situacións conflitivas xurdidas, participando en debates, e aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1.1.1. Investiga, reflexiona e debate de forma guiada sobre distintos aspectos da moda e a imaxe corporal dos modelos publicitarios.	Mostra boa disposición para solucionar conflitos.	CSC CAA CD	Intercambios orais: · Posta en común
				EFB1.1.2. Explica aos seus compañeiros as características dun xogo practicado na clase.	Explica as características dun xogo practicado na clase.	CCL CAA CSC	Observación: Lista control
				EFB1.1.3. Mostra boa disposición para solucionar os conflitos de xeito razoable.	Mostra disposición para solucionar conflitos.	CAA CSC CSIEE	Observación: Lista control
				EFB1.1.4. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen na práctica deportiva.	Recoñece condutas inapropiadas nas actividades.	CSIEE CAA CSC	Observación: Lista control
				EFB1.1.5. Demostra un nivel de autoconfianza axeitada ás súas capacidades.	Demuestra un nivel de autoconfianza nas súas caapcidades.	CSIEE CAA CSC	Observación: · Anecdario
Todos trimestres	i	B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, relacionada coa área. B1.5 Integración das	B1.2. Buscar e presentar Información e compartila, utilizando fontes de información determinadas e facendo uso das tecnoloxías da información e a comunicación como recurso de	EFB1.2.1. Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita.	Coñece e usa das novas tecnoloxías.	CD CAA CSIEE	Análise producións: · Traballos
				EFB1.2.2. Presenta os seus traballos atendendo as pautas	Presenta traballos con orde e limpeza.	CCL CD	Observación: Lista control

		tecnologías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe.	apoio á área.	proporcionadas, con orde, estrutura e limpeza.		CAA	
				EFB1.2.3. Expón as súas ideas expresándose de forma correcta en diferentes situacións e respecta as opinións dos e das demais.	Expón as súas ideas expresándose adecuadamente e respetando os demais.	CCL CSC CD	

		<p>B1.6. Implicación activa en actividades motrices diversas, recoñecendo e aceptando as diferenzas individuais no nivel de habilidade.</p> <p>B1.7. Uso correcto de materiais e espazos na práctica da Educación física.</p> <p>B1.8. O coidado do corpo e a consolidación de hábitos de hixiene corporal.</p> <p>B1.9. Adopción de condutas seguras ao actuar como peóns ou peoas, nas saídas polo contorno do colexio.</p> <p>B1.10. Identificación e respecto, ao realizar saídas fóra do colexio, dos sinais básicos de tráfico que afectan aos peóns ou peoas e ás persoas ciclistas</p>	<p>B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a si mesmo/a e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas e actuando con interese e iniciativa individual e traballo en equipo.</p>	<p>EFB1.3.1. Participa activamente nas actividades propostas buscando unha mellora da competencia motriz.</p>	<p>Participa nas actividades propostas na clase con autonomía.</p>	<p>CSC CAA CSIEE CCEC</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.2. Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.</p>	<p>Demuestra autonomía resolvendo problemas motrices.</p>	<p>CAA CSC</p>	<p>Observación: · Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.3. Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo.</p>	<p>Trae os útiles de aseo e realiza a hixiene persoal.</p>	<p>CSC</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases.</p>	<p>Participa na organización e recollida dos materias da clase.</p>	<p>CSC CAA</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda e o resultado das competicións con deportividade.</p>	<p>Acepta o grupo que lle corresponde e os resultados con deportividade.</p>	<p>CSC CAA CSIEE</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
				<p>EFB1.3.6. Recoñece e respecta as normas de educación viaria en contornos habituais e non habituais.</p>	<p>Coñece e respecta as normas de educación viaria.</p>	<p>CAA CSC</p>	<p>Observación: · Lista control</p>	

BLOQUE 2. O CORPO: IMAXE E PERCEPCIÓN

Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares	Grao mínimo para superar a área	Competencias Clave	Procedemento avaliación	
<p>Todos trimestres</p>	<p>k m b</p>	<p>B2.1. Valoración e aceptación da propia realidade corporal e a dos e das demais mostrando una actitude crítica cara ao modelo estético-corporal socialmente vixente.</p> <p>B2.2. Seguridade, confianza nun mesmo ou nunha mesma e nos demais.</p> <p>B2.3. Autonomía persoal:</p>	<p>B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.</p>	<p>EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.</p>	<p>Respecta a diversidade corporal dos compañeiros e compañeiras da clase e o seu nivel de competencia motriz.</p>	<p>CSC CAA</p>	<p>Observación: anecdótico</p>	

		autestima, expectativas realistas de éxito.						
--	--	---	--	--	--	--	--	--

b k	B2.4. Descubrimiento dos elementos orgánico-funcionais relacionados co movemento: circulación, respiración, locomoción (principais músculos e articulacións). B2.5. Control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Toma de conciencia e inicio do control dos diferentes tipos de respiración. B2.6. Equilibrio estático e dinámico sobre superficies estables e inestables e alturas variables. B2.7. Organización espacial (organización dos elementos no espazo, apreciación de distancias, traxectorias, orientación, lonxitude). Organización temporal (duración, sucesión, ritmo). Organización espazo-temporal (velocidade, previsión do movemento).	B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación, sendo capaz de representar mentalmente o seu corpo na organización das accións motrices.	EFB2.2.1. Recoñece os dous tipos de respiración.	Coñece os dous tipos de respiración.	CAA CSC	Observación: Lista control	
			EFB2.2.2. Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.	Mantén o equilibrio en diferentes bases e a alturas variables.	CAA CSC	Observación: Lista control	
			EFB2.2.3. Coñece os músculos e articulacións principais que participan en movementos segmentarios básicos e no control postural.	Coñece músculos e articulacións.	CSC CMCT CAA	Observación: Lista control	
			EFB2.2.4. Colócase á esquerda-dereita de diferentes obxectos, persoas e espazos en movemento, con e sen manipulación de móbiles.	Colócase á dereita e á esquerda de persoas e de espazos, con e sen manipulación de móbiles.	CAA CSC CSIEE	Observación: Lista control	
			EFB2.2.5. Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo.	Mellora a eficacia nas repostas motrices.	CAA CSC CSIEE	Observación: Lista control	

BLOQUE 3. HABILIDADES MOTRICES

Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	Competencias Clave	Procedemento avaliación	
Todos trimestres	b j k	B3.1. Formas e posibilidades do movemento. Axuste e consolidación dos elementos fundamentais na execución das habilidades motrices básicas. B3.2. Utilización eficaz e	B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais, seleccionando e combinando as habilidades motrices básicas e adaptándoas ás condicións establecidas de forma eficaz.	EFB3.1.1. Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.	Desprázase de disintas formas variando os apoios.	CSC CCEC CAA	Rúbrica probas de capacidade motriz.	

<p>económica das habilidades motrices básicas en medios e situacións estables e coñecidas. B3.3. Inicio na adaptación das habilidades básicas a situacións non habituais e contornos descoñecidos ou con incerteza, incidindo nos mecanismos de decisión. B3.4. Mellora das capacidades físicas básicas de forma global e orientada á execución das habilidades motrices. B3.5. Disposición favorable a participar en actividades físicas diversas aceptando a existencia de diferenzas no nivel de habilidade.</p>	<p>EFB3.1.2. Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Salta de distintas formas variando os apoios.</p>	<p>CSC CCEE CAA</p>	<p>Rúbrica probas de capacidade motriz.</p>	
	<p>EFB3.1.3. Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.</p>	<p>Realiza manexo de obxectos con boa coordinación</p>	<p>CSC CCEE CAA</p>	<p>Rúbrica probas de capacidade motriz.</p>	
	<p>EFB3.1.4. Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.</p>	<p>Realiza xiros sobre o eixe lonxitudinal con boa coordinación.</p>	<p>CSC CCEE CAA</p>	<p>Rúbrica probas de capacidade motriz.</p>	
	<p>EFB3.1.5. Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies.</p>	<p>Equilibra o corpo en diferentes posicións e superficies.</p>	<p>CAA CSC CSIEE</p>	<p>Observación: Lista control</p>	
	<p>EFB3.1.6. Realiza actividades físicas e xogos propostos no medio natural ou en contornos non habituais con certo nivel de incertezas.</p>	<p>Realiza actividades físicas e xogos no medio natural e en espazos pouco habituais.</p>	<p>CSC CAA</p>	<p>Rúbrica probas de capacidade motriz.</p>	

BLOQUE 4. ACTIVIDADES FÍSICAS ARTÍSTICO EXPRESIVAS								
Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	Competencias Clave	Procedemento avaliación	
Segundo trimestre	b d j k m o	<p>B4.1. O corpo e o movemento como instrumentos de expresión e comunicación.</p> <p>B4.2. Coñecemento e práctica de diversas manifestacións expresivas adaptadas ao ámbito escolar: mimo, dramatización, baile, expresión corporal.</p> <p>B4.3. Adecuación do movemento a estruturas espazo-temporais e execución de bailes e coreografías simples utilizando como base o folclore galego e outros bailes do mundo.</p> <p>B4.4. Expresión de emocións e sentimentos a través do corpo, o xesto e o movemento.</p>	B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e creativa, comunicando sensacións, emocións e ideas.	<p>EFB4.1.1. Representa personaxes, situacións, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo, individualmente, en parellas ou en grupos.</p> <p>EFB4.1.2. Realiza movementos a partir de estímulos rítmicos ou musicais, individualmente e en parellas.</p> <p>EFB4.1.3. Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica.</p> <p>EFB4.1.4. Leva a cabo manifestacións artísticas sinxelas en interacción cos compañeiros e compañeiras.</p>	<p>Representa personaxes e situacións co corpo e o movemento con espontaneidade.</p> <p>Reproduce estruturas rítmicas sinxelas co corpo.</p> <p>Realiza bailes sinxelos de Galicia e douras culturas.</p> <p>Realiza manifestacións artísticas sinxelas relacionándose cos demais</p>	<p>CCEC CSC CAA</p> <p>CCEC CSC CAA</p> <p>CCEC CSC CAA CSIEE</p> <p>CCEC CSC</p>	Observación: Lista control	
Segundo trimestre	b d j k	B4.5. Desenvolvemento das habilidades motrices básicas, participando en actividades artístico-expresivas.	B4.2. Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades artístico-expresivas.	EFB4.2.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Empeza a recoñecer algunha capacidade física básica nas actividades artísticas.	CMCT CSC CAA	Rúbrica.análise producións artísticas Observación: · Anecdótico	
		B4.6. Recoñecer e valorar a posibilidade de cambiar as montaxes ou coreografías de actividades artístico-expresivas (espazos, materiais, tempos...) para adaptalas ás necesidades do grupo.		EFB4.2.2. Coñece a importancia do desenvolvemento das capacidades físicas para a mellora das habilidades motrices implicadas nas actividades artístico-expresivas.	Empeza a recoñecer a importancia da mellora das habilidades motrices nas actividades artísticas.	CMCT CSC CAA	Observación: · Lista control · Anecdótico	

BLOQUE 5. ACTIVIDADE FÍSICA E SAÚDE								
Temporalización	Obx	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	CompetenciasClave	Procedemento avaliación	
Todos trimestres	a	B5.1. Consolidación de hábitos de hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais e alimentarios saudables relacionados coa actividade física. B5.2. Recoñecemento dos beneficios da actividade física na saúde integral da persoa . B5.3. Práctica segura da actividade física recoñecendo a importancia do quecemento, a dosificación do esforzo, a volta á calma e a relaxación.	B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a un mesmo ou mesma.	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.	Busca a mellora das capacidades físicas.	CSIEE CAA	Observación: · Lista control (si/non)	
	b			EFB5.1.2. Relaciona os principais hábitos de alimentación coa actividade física (horarios de comidas, calidade/cantidade dos alimentos ingeridos etc.).	Recoñece hábitos saudables de alimentación.	CSC CAA CSIEE	Intercambios orais: Posta en común Observación: · Lista control (si/non)	
	k			EFB5.1.3. Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.	Recoñece a incorporación da actividade física na súa rutina diaria.	CSC CAA CSIEE	Observación: Lista control	
				EFB5.1.4. Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para a saúde.	Adopta hábitos posturais adecuados.	CSC CAA CSIEE CCL CMCT	Observación: Lista control	
				EFB5.1.5. Realiza os quecementos de forma autónoma.	Realiza quecementos de forma autónoma.	CSC CAA CSIEE	Observación: · Lista control (si/non)	

	K	B5.4. Mellora da condición física orientada á saúde en función do desenvolvemento psicobiolóxico.	B5.2. Mellorar o nivel das súas capacidades físicas, regulando e dosificando a intensidade e duración do esforzo, tendo en conta as súas posibilidades e a súa relación coa saúde.	EFB5.2.1. Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. EFB5.2.2. Identifica a frecuencia cardíaca en repouso e realizando actividade física, nel mesmo ou nun compañeiro/a.. EFB5.2.3. Percibe diferentes niveis de intensidade e esforzo na estrutura da clase de Educación física.	Mellora o seu nivel de capacidades físicas básicas. Identifica o pulso en repouso e na actividade. Percibe diferentes niveis de intensidade nas actividades.	CAA CSC CAA CSC CSIEE CAA CSC	Observación: - Lista de control	
	K	B5.5. Adopción das medidas básicas de seguridade na execución das actividades físicas e no uso de materiais e espazos. B5.6 Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde, manifestando comportamentos responsables, respectuosos e seguros cara a un mesmo e as demais persoas.	B5.3. Identificar e interiorizar a importancia da prevención, a recuperación e as medidas de seguridade na realización da práctica da actividade física.	EFB5.3.1. Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar realizando un quecemento con certa autonomía.	Ten presente a importancia da seguridade cando realiza actividade física e no quecemento.	CAA CSC	Observación: Lista control	

BLOQUE 6. OS XOGOS E ACTIVIDADES DEPORTIVAS

Temporalización	Obj	Contidos	Criterios avaliación	Estándares aprendizaxe	Grao mínimo para superar área	CompetenciasClave	Procedemento Avaliación	
Todos trimestres	a b k m	B6.1. Descubrimento e aplicación das estratexias básicas de xogo relacionadas coa cooperación, a oposición e a cooperación-oposición. B6.2. Respecto cara ás persoas que participan no xogo e rexeitamento cara aos comportamentos antisociais. B6.3. Comprensión, aceptación e cumprimento das normas de xogo.	B6.1. Resolver retos tácticos elementais propios do xogo e de actividades físicas, con ou sen oposición, aplicando principios e regras para resolver as situacións motrices, actuando de forma individual, coordinada e cooperativa e desempeñando as diferentes funcións implícitas en xogos e actividades	EFB5.1.1. Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.	Iniciase en tácticas elementais nos xogos.	CSC CAA	Observación: · Escala observación	
				EFB6.1.2. Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas.	Utiliza habilidades nos xogos en situacións de cooperación e oposición.	CAA CSIEE CSC	Observación: · Escala observación	

Primeiro trimestre	d k m o	B6.4. O xogo e o deporte como elementos da realidade social. Coñecemento e práctica de xogos tradicionais de Galicia.	B6.2. Coñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas, en especial as de Galicia.	EFB6.2.1. Recoñece as diferenzas e características básicas dos xogos populares, deportes colectivos, deportes individuais e actividades na natureza.	Recoñece xogos populares, deportes colectivos e individuais e actividades na antezura.	CCEE CAA CSC	Intercambios orais: Posta en común Análise producións (traballo investigación) Probas escritas.
		B6.5. Achegamento ao xogo doutras comunidades e países dos seus compañeiros e compañeiras da clase.		EFB6.2.2. Recoñece xogos e deportes tradicionais de Galicia	Recoñece xogos tradicionais de Galicia.	CCEC CAA CSC	Intercambios orais: Posta en común Análise producións (traballo investigación)
				EFB6.2.3. Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.	Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo regras básicas.	CCEC CAA CSC	Observación: · Escala observación Rúbrica probas capacidade motriz.
Todos trimestres	k l m o	B6.6. Aplicación das habilidades básicas en situacións de xogo. B6.7 Participación en xogos de diferente tipoloxía e iniciación á práctica de actividades deportivas a través de xogos predeportivos e o deporte adaptado.	B6.3 Relacionar os conceptos específicos de Educación física e os introducidos noutras áreas coa práctica de actividades físico-deportivas	EFB6.3.1. Distingue as capacidades físicas básicas implicadas nos xogos e nas actividades deportivas.	Empeza a recoñecer a implicación das capacidades físicas nos xogos e actividades.	CSC CAA	Intercambios orais: Posta en común Observación: · Escala observación
				EFB6.3.2. Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos estratexias de cooperación e de oposición.	Distingue en xogos e deportes individuais e colectivos algunhas estratexias de cooperación e oposición.	CAA CSC	Intercambios orais: Posta en común Observación: · Escala observación
		B6.8. Iniciación á orientación deportiva mediante propostas lúdicas (ximnasio, patio, parque). B6.9. Práctica e gozo de actividades motrices lúdicas relacionadas coa natureza (xogos de campo, de exploración, de aventura, marcha, escalada...) B6.10. Coñecemento e coidado da contorno natural	B6.4. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre, identificando e realizando accións concretas dirixidas á súa preservación.	EFB6.4.1. Faise responsable da eliminación dos residuos que se xeran nas actividades no medio natural. EFB6.4.2. Utiliza os espazos naturais, respectando a flora e a fauna do lugar.	Faise responsable da eliminación de residuos. Utiliza os espazos naturais respectando a flora e fauna.	CSC CAA CSC CAA	Observación: Lista control

Temporalización das Unidades Didácticas en 4º de Educación Primaria

TEMPORALIZACIÓN	
1º TRIMESTRE	Benvidos ! (traballo inicial) Retos cooperativos Xogos populares O movemento, o corpo e os hábitos saudables.
2º TRIMESTRE	Expresión corporal, baile e emocións. Xogos con materiais alternativos. Materiais voadores (e deportes).
3º TRIMESTRE	Traballamos co comba. Floorball sostible Exploradores do medio natural.

3. Metodoloxía didáctica.

A programación ofrece tamén orientacións sobre como adaptar o currículo, de maneira que se adapte ao novo escenario e recolla as consecuencias que puideron derivarse da situación de confinamento, incluíndo a dimensión emocional, a competencia dixital ou as medidas de seguridade e hixiene. Con todo, as programacións didácticas establecerán as medidas metodolóxicas e organizativas, sempre dende o principio de inclusión, que favorezan o desenvolvemento do alumnado. Con carácter xeral, teranse en conta os seguintes principios metodolóxicos, entre outros:

- O prantexamento de tarefas e actividades abertas para o desenvolvemento do pensamento eficaz, buscando o feito de ensinar a pensar.
- As actividades de investigación, a aprendizaxe por proxectos de traballo e as tarefas competenciais.
- O desenvolvemento interdisciplinar das programacións de distintas materias que faciliten a interrelación das aprendizaxes.
- A utilización de métodos e tarefas globalizados, como son os centros de interese, os proxectos, as tarefas competenciais ou a aprendizaxe baseada en retos.
- O uso das tecnoloxías como recurso didáctico.
- A aplicación da gamificación que favoreza a motivación e a aprendizaxe.
- A realización das actividades de aprendizaxe en relación ao contexto.

- O desenvolvemento de metodoloxías de aprendizaxe cooperativa.

Materiais

En canto aos principais materiais e recursos a empregar, ademais de aqueles que sexan axeitados e propicien o mellor desenvolvemento de cada unidade didáctica, destacamos os seguintes:

- Hai gran número de material (balóns de psicomotricidade, de baloncesto, fútbol, pelotas de tenis, cordas, aros, picas, colchóns, bancos, suecos, raquetas de bádminton, volantes, sticks...). Este material será para uso individual e limparase despois de cada uso.
- O alumnado elaborará o seu propio material para as sesións de xogos alternativos ou xogos con materiais diversos.

Metodoloxía actividade lectiva non presencial.

O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

A transición do ensino presencial ao non presencial vese condicionada polas características específicas da materia de Educación Física, na que predominan as actividades motrices nas sesións prácticas de traballo e o emprego de probas de execución motriz como instrumentos de avaliación.

Outro factor a ter en conta para realizar esta transición son as limitacións que pode ter o alumnado para acceder a determinados materiais deportivos (balóns, cordas, implementos de golpeo...) non ensino non presencial, así e como o espazo do que dispoñan nos seus domicilios para a realización das actividades físicas.

Debido a estes elementos, a transición á actividade lectiva non presencial levará asociada cambios relevantes na formulación das sesións prácticas de traballo, adaptacións nalgunhas probas de execución motriz e incluso a modificación dos instrumentos empregados para a avaliación dalgúns dos contidos da materia.

No caso de que teña que levarse a cabo unha actividade lectiva non presencial, poderá modificarse a orde prevista de realización das unidades didácticas realizando neste período lectivo aquelas que precisen a utilización de menos recursos espaciais e materiais.

Utilizaremos a aula virtual do centro, ferramenta que tamén utilizaremos durante o

ensino presencial para traballar algúns contidos e recursos teórico-prácticos.

No período de actividade lectiva non presencial, o alumnado de tódolos cursos terá cada semana unha reunión por vídeo conferencia empregando o aplicativo facilitado pola Consellería, e do que ademáis temos acceso dende a aula virtual do centro.

Nas reunións tamén se explicaran os xogos e actividades de execución motriz que ten que realizar o alumnado e resolveranse as dúbidas.

Así mesmo, algunhas das probas de execución motriz poderán ser realizadas polo alumnado mediante vídeo conferencia (valorando o curso co que estemos traballando).

Metodoloxía na educación presencial para preparase no caso de pasar a educación non presencial:

- Propóranse actividades como: traballos escritos (a man e co editor de textos), presentacións, vídeos, etc.
- Realizaranse cuestionarios na aula virtual.
- Utilizaranse actividades dixitais interactivas e de reforzo.
- Utilizaranse vídeos relacionados cos temas a traballar (documentais, cancións, tutoriais...)
- Realizaranse tarefas mixtas (parte na aula e parte na casa) para familiarizarse co modo de traballo no caso de pasar a unha educación non presencial.

Metodoloxía actividade lectiva semipresencial.

A tecnoloxía aplicada á educación permite correccións e *feedback* inmediatos e personalizados. Pero tamén presenta certos riscos: a dispersión, a sensación de soidade e a de que o esforzo que debe facerse é excesivo. O/A docente debe velar por minimizar eses riscos, tanto en grupo como individualmente.

Non se trata de trasladar á actividade non presencial os mesmos esquemas de traballo, rutinas ou horarios escolares da modalidade presencial. Hai que ter en conta a carencia, nalgúns casos, de recursos, pero tamén a carga emocional, tanto individual como familiar e social, que o alumnado soporta pola situación actual.

Nesta situación é fundamental manter un contacto periódico (telefónico ou por

outras vías) para asegurar o seguimento das necesidades e dificultades que poidan xurdir entre o alumnado.

No caso de que a actividade lectiva sexa semipresencial, a organización para impartir a materia de Educación Física realizarase mediante a realización semanal de:

- Unha sesión práctica presencial na que se realizaran xogos e exercicios motrices, ademáis de actividades físicas.
- Unha sesión non presencial para a que se empregará aula virtual do centro. Nestas sesións traballarase os contidos teóricos da unidade, realizaranse actividades de reforzo, emisión de documentais ou tioriais, etc.

Comunicación coas familias e alumnado.

No caso de actividade lectiva non presencial ou semipresencial a comunicación co alumnado será a través da mesaxería da aula virtual e da plataforma de vídeoconferencias, e coas familias a través de Abalar Móbil.

4. Avaliación: criterios, cualificacións, promoción do alumnado e aspectos de interés.

A avaliación contéplase como un mecanismo de recollida de información, que unha vez é valorada, será útil para tomar decisións en canto ás aprendizaxes adquiridas do alumnado.

Ao inicio de curso, realizaremos assembleas, a cápsula do tempo (que será un documento e un punto de partida para observar preferencias e gustos do alumnado no referene á Educación Física e aos seus tempos de ocio) xogos e retos motrices, ademáis de outras propostas, sempre adaptadas ao alumnado, para poder plantexar o resto de Unidades do curso 2021/2022.

Este curso, dende 4º de Ed. Primaria a 6º de Ed. Primaria, tamén traballaremos coa plataforma DAFIS, traballando o nivel de condición física do alumnado co único obxectivo de mellorar a súa saúde. Por este motivo, e partindo de datos obtivos nas probas, buscaremos no centro propostas de mellora nos tempos de ocio e no horario lectivo, a través de murais, recreos activos ou actividades físico deportivas varias. Os datos recollidos serán informativos, e teranse en conta os permisos pertinentes no tocante á protección de datos.

Procedementos de avaliación

A avaliación será **continua e global**, partindo das capacidades previas do alumnado. Utilizarase principalmente a observación directa mediante: listas de control, rexistros anecdóticos, escalas de avaliación e rúbricas entre outros elementos.

Realizaranse algunhas **probas escritas e probas específicas** dependendo da Unidade (solo serán para 3º e 4º). O alumnado avaliarase a si mesmo, cubrindo un cuestionario ao final dalgunha Unidade, para valorar a súa propio aprendizaxe. Ademáis, o alumnado avaliará a outros compañeiros mediante a **coavaliación** (nalgunha Unidade de deportes e xogos de pelota, ou de material alternativo principalmente)

Ao finalizar cada trimestre, farase unha **avaliación do proceso de ensinanza aprendizaxe** tendo en conta o grao de consecución dos obxectivos por parte do alumnado, a metodoloxía e recursos utilizados, para poder introducir melloras nun futuro ou en próximas Unidades.

Procedemento para obter a calificación da avaliación ordinaria

A avaliación será **continua** xa que todos os contidos se traballarán todos os trimestres. Será imprescindible superar os mínimos de todos os bloques, que están indicados nés táboas do inicio.

Os procedementos de avaliación que utilizaremos serán os seguintes:

- ✓ Proba da avaliación inicial.
- ✓ Observación directa e sistemática.
- ✓ As rúbricas.
- ✓ Avaliación de contidos.
- ✓ Alguns traballos escritos sobre xogos ou hábitos saudables, entre outros temas.
- ✓ Seguimento da avaliación continua no rexistro.

Para a **obtención da nota** da materia, teremos en conta a seguinte táboa, na que se poden observar as porcentaxes, dando a relación numérica de 100% coma un 10 de calificación numérica.

Procedemento	Instrumento	Porcentaxe
Observación sistemática (contidos teórico-prácticos)	Lista de control/rúbricas/rexistros	60 %
Observación sistemática (contidos acitudinais)	Rexistro anecdótico	20 %
Traballo/reto/acividade	Diario de clase	10%
Rutinas	Diario de clase	10%

Actividades de reforzo durante o curso

En cada Unidade sempre se repasan contidos das anteriores, e moitos dos xogos traballados utilízanse en diferentes sesións ao longo do curso, e así deste xeito reforzamos os propios contidos e habilidades, que axudan ao desenvolvemento integral do alumnado.

Ao final de cada trimestre, traballaremos "A ruleta do repaso" onde o alumnado que non acadara algún dos obxectivos, teña a posibilidade de acadalos ou ben de reforzalos, xa que o proceso de aprendizaxe é algo continuo.

5. Atención á diversidade do alumnado.

Entendemos a diversidade do alumnado como unha serie de características que enriquecerán o proceso de ensinanza aprendizaxe do grupo, e polo tanto, dende a nosa función docente, traballaremos para que todo o alumnado, con independencia das súas habilidades, consiga os obxectivos e as aprendizaxes, do seguinte modo:

- Aproveitaranse as situacións espontáneas para afianzar as relacións sociais.
- Traballarase con agrupamentos heteroxéneos.
- Fomentarase a participación de todo o alumnado no grupo, mediante os encargados de clase, traballando así a autonomía e a autoestima.
- Realizaranse actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación do alumnado, na medida do posible, tendo en conta a situación Covid.
- Utilizaranse técnicas e estratexias que favorezan a experiencia directa
- Potenciarase o traballo cooperativo.
- Indagaremos nas ideas previas do alumnado, ao comezo do curso e antes de iniciar unha nova unidade.
- Cando o alumnado non poida realizar actividade física por estar lesionado ou por

algún problema de saúde, asistirá igual á clase de Educación Física. Darémoslle algún rol compatible coas súas condicións, ou propoñerémoslle algunha actividade dentro do ambiente da sesión.

Se a lesión ou enfermidade é de longa duración, avaliarase ao alumnado mediante traballos ou propostas lúdicas sobre cada Unidade, dependendo do curso, adaptándonos así á diversidade do noso grupo. Tamén podemos avaliar oralmente ao alumnado, ou correxindo as propostas dos seus compañeiros e compañeiras para observar se comprende o xogo ou proposta.

6. Elementos transversais e Planes e Proxectos do centro.

O traballo dos elementos transversais pódese destacar no artigo 11 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, facendo referencia a eles como unha serie de temas que se deben traballar ao longo da etapa primaria de forma transversal. Por este motivo, destacamos dalgún modo dous grandes grupos:

- Os que fan referencia aos valores sociais, e aqueles que todos e todas debemos coñecer e respectar, baseados nos valores, liberdades e dereitos constitucionais e nos dereitos humanos: igualdade entre homes e mulleres, prevención da violencia de xénero, tolerancia, solidariedade, xustiza, equidade.
- E os que fan referencia aos valores de tipo individual que hai que traballar co alumnado, como son: a liberdade e responsabilidade persoal, prevención da violencia e resolución pacífica de conflitos, confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade, espírito emprendedor, vida saudable (hixiene, alimentación, actividade deportiva), educación viaria, desenvolvemento sostible e medio ambiente, riscos derivados do uso das novas tecnoloxías...

O profesorado terá en conta en toda a actuación educativa estes elementos transversais: na organización da aula, na selección de lecturas e materiais curriculares, nas planificacións, nos agrupamentos etc.

Nas sesións, traballaremos os elementos transversais do seguinte modo: asembleas, diálogos e xogos de rol playing, traballos de habilidades sociais e emocionais, dinámicas de grupo, análise de situacións con valores en conflito, mediación de conflitos, e visualizacións de vídeos de temática variada entre outros temas.

O Proxecto Lingüístico

Dende a nosa área de Educación física, traballaremos diferentes xogos populares e tradicionais de Galicia e, o vocabulario específico dos deportes e o corpo humano entre outros elementos. Teremos diferentes propostas gráficas no ximnasio (imaxes, carteles) para fomentar o coñecemento dos mesmos por varias vías, facilitando así a interiorización das aprendizaxes.

Os obxectivos principais do proxecto lingüístico para o fomento da lingua galega serían:

- Adquirir de forma oral e escrita a competencia lingüística nas dúas linguas oficiais.
- Conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso.
- Erradicar o emprego sexista da lingua galega e castelá en todos os ámbitos.

Ademáis, participaremos nas actividades propostas polo Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para desenvolver o Plan de Fomento do uso do galego. Entre algunhas das propostas que podemos destacar:

- Obras de teatro.
- Contacontos.
- Concursos literarios.
- Charlas, roteiros...

O Proxecto Lector

Contribuiremos ao Plan Lector mostrando as aprendizaxes de diferentes actividades físicas e deportivas de xeito máis gráfico, para buscar información, reforzar contidos adquiridos e realizar traballos e propostas lúdicas sobre diferentes deportes e xogos. Para levar a cabo ete traballo, poderemos empregar:

- Libros de consulta e lectura da biblioteca do noso centro.
- Internet: para buscar información, sempre facendo un uso pedagóxico.

Por outro lado, plantexamos unha serie de **obxectivos**, que serían:

- Desenvolver estratexias de busca e selección da información.
- Empregar as TIC para obter información.
- Desenvolver a expresión oral e escrita.

Actividades a realizar

Propoñemos a lectura de revistas e xornais, de contos e textos sobre eventos deportivos entre outras propostas.

Plan de Fomento dos Hábitos saudables

Actividade	Data
Participación en sesións prácticas de diferentes disciplinas realizadas por deportistas que as practican para animar ao alumnado a realizar estes deportes.	Todo o ano
Realización de hábitos de aseo ao rematar a sesión de Educación Física: <ul style="list-style-type: none"> · Aseo sen cambio de roupa en 1º e 2º e aseo e cambio de camiseta e calcetíns (en 3º e 4º). Este curso non se realizará aducha debido á situación creada pola covid 19. 	Todo o ano
Realización de quecementos antes da actividade física para evitar lesións.	Todo o ano
Recomendacións ás familias nas reunións conxuntas de tutoría sobre hábitos desono, hixiene, uso de crema solar, hixiene postural.	Reunións trimestrais principalmente.

Plan Proxecto: Aliméntate ben e DAFIS

Participaremos no apartado “Almorzos saudables, a importancia do almorzo”. Consiste na realización dunha charla formativa e motivacional, por persoal técnico da Xefatura Territorial de Sanidade que se complementa cunha parte práctica.

Desde Educación Física, traballaremos a prol da importancia dunha alimentación saudable ao longo do curso e dende tódolos niveis.

No referente ao DAFIS, este ano o centro participa cos cursos de 4º, 5º e 6º, buscando recoller datos sobre a condición física do alumnado (tendo en conta os permisos pertinentes) para ter unha base de datos útil para estudos e procesos de mellora no tocante aos hábitos de actividade física. Parécenos unha ferramenta moi eficiente para poñer en valor a nosa área e a súa importancia na saúde dos nenos e nenas, e polo tanto de interese no ámbito educativo e escolar.

7. Actividades complementarias e extraescolares.

As actividades complementarias traballaranse ao longo do curso, contando con visitas de clubs deportivos, deportistas, charlas sobre diferentes temáticas de interese e demais temas. Ademais, traballaremos sesións temáticas tendo en conta as diferentes conmemoracións da Orde de Calendario deste curso, ou celebracións tradicionais no centro (magosto, Samaín, Entroido). Sempre adaptaremos as propostas á situación Covid, cumprindo o marcado nos Protocolos.

Tamén realizaremos saídas a contornas cercanas, sobre todo para traballar contidos do último trimestre, fomentando as actividades ao aire libre estando en contacto coa natureza, dados os seus beneficios nos procesos de aprendizaxe.

8. Avaliación do proceso e da práctica docente.

Para avaliar a nosa práctica docente, realizaremos unha avaliación continua da consecución dos obxectivos propostos na programación, introducíndose as medidas correctoras que consideremos. O obxectivo desta avaliación será a de analizar cunha periodicidade trimestral a adecuación da programación á realidade do noso alumnado e deste curso 2021/2022.

O proceso a seguir sería:

- Análise e avaliación nas reunións, unha vez ao trimestre, co profesorado dos diferentes niveis.
- Elevación de conclusións e posibles modificacións no Claustro para o seu coñecemento.
- Inclusión das valoracións na Memoria Final de curso reflectindo os logros e

dificultades que se atoparon, así coma aspecto que axudaron a posta n marcha e funcionamento da programación.

Entre os instrumentos que imos utilizar destacamos: cuestionarios, entrevistas, observación directa, análise de tarefas, etc.

Un exemplo de táboa para valorar o proceso e práctica docente sería:

Educación Física , curso: 2021/22	Autoevaluación docente da programación, Unidades e sesións			
1º Trimestre	Si	Algunhas veces	Con dificultade	Observacións
O alumnado entende as tarefas que propoño.				
O alumnado participa nos retos mensuais que propoño.				
Realizo todas as tarefas propostas na sesión.				
Consigo a implicación do alumnado e das familias nos aprendizaxes.				
Consigo que o alumnado respete as normas E materiais de E.F.				
Consigo que o alumnado logre os aprendizaxes propostos atendendo á diversidade.				
2º Trimestre	Si	Algunhas veces	Con dificultade	Observacións
Consigo que o alumnado disfrute cos novos materiais e propostas.				
Consigo que el alumnado participe nas actividades de expresión corporal.				
As propostas son motivadoras.				
O alumnado aprende a resolver problemas e conflitos dentro das sesións.				
3º Trimestre	Si	Algunhas veces	Con dificultade	Observacións
Adapto os espazos ás sesións.				
O alumnado respeta o medio natural como contexto de traballo.				
Consigo unha buena organización da clase.				
A figura dos "encargados/as" foi útil.				
Os recursos de E.F. deste ano foron funcionais e útiles nas aprendizaxes do alumnado.				
As Unidades propostas tiveron boa acollida por parte do alumnado.				

☆ **Fortalezas:**

↓ **Debilidades:**
